

A NOSA TERRA



Ano XXXIII — Núm. 475

Registro Nacional de la
Propiedad Intelectual 231.437

CORR.
ARGENT.
Cent. B.

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, FEBREIRO DE 1951



Castelao e a "Galicia Ideal"

por
AVELINO DIAZ

¿Lembrádevos? Castelao tiñanos dito en varias ocasións que, eiquí en Bós Aires, estaba "a Galicia ideal", a que tan ben representaba á nosa patria, a que lle facía sentir ledicia ó noso grande mestre facéndolle xermolar meirandes agardanzas pra o porvir, a que sentía, pensaba i autuaba daccordo ás ensinanzas do guieiro i en consonanza coas arelas do noso povo que tiña, e ten, postas en nós as súas esperanzas, enroitas deica ó porvir.

Castelao dixo que ésta era "a Galicia ideal", e puido engadir máis; puido decir que esta "Galicia ideal" era obra súa, era o produto da súa fecundosa laboura, era o froito dos seus patrióticos afáns i era, en suma, o que él tiña feito eiquí entre nós, coa súa verba, co seu eixemplo, coa súa constante ad-

cación, co seu patriotismo que non tivo semellantes e con aquela forcia espiritual que xurdía dél e se ía inraizando en todos nós.

Tanta reitoría tiña Castelao, tanta era a súa autoridade exercida con maxestosa sinxeleza, que ningún se podía furtar ó cumprimento da súa consina, ningún podía fallar ó cumprimento dun deber, que é de todos, e ningún deixaba descoitar a verba emocionada do mestre ategada de san idealismo i acesa de patriótica inquedanza.

Se ben é certo que a nosa co-lectividade xa tiña un lévedo de inquedanza, un formento de patriótica arela, unha certa aiti-vidade encamiñada pol-o viero do galeguismo, non é menos certo que foi Castelao quen lle donou o impulso máximo, co seu eixemplo e con aquela rara virtude que él tiña de chegar ó fondo das concencias i espertalas facendo que afrorasen os mellores anceios nos nosos co-razóns de emigrados e nos adicásamos todos ás tarefas de soerguer a personalidade do noso povo i ó ser inmorredeiro da Galicia.

A nosa laboura, sin Castelao á nosa veira, tiña de ser inco-pleta, defectuosa e carece-quizabes, do verdadeiro senso que conviña tivese; mais, con Castelao xunto de nós, aquela obra foi cuasemente perfecta de xeito que a nosa co-lectiva- de mereceu ser chamada pol-o mestre "a Galicia ideal", tidoo este que temos de manter er- guito coa máxima dinidade, pol-o ben da nosa patria, pol-o noso prestixio e, sobor todo, como un homaxe ao home eix- ceucional que tan ben nos soupo adoutrinar e tan ben nos dirixeu pol-o viero diño da galeguida- de. Se somos "a Galicia ideal" temos de pensar que elo se debe a que temos sido enxiados pol-a gracia de Castelao, que veu a nós en nome do Deus- povo de Galicia.

Non pertendamos facer de Castelao un santo, un mártire nin un símbolo; él foi algo máis que todo eso, él estaba consus- tanciado coa patria até ser con ela unha soia cousa; i a nosa patria ten dabonda santidad, ten dabondo martiro i é o sím- bolo inmorrente ao que decote debemos render a nosa ben que- rencia i á nosa afervoadade

voción cívica e laica. Castelao e Galicia son a mesma cousa, e culto á patria ven a ser tanto como culto a Castelao, ou, se se quer, ó revés. Nunca seremos tan diños como cando honre- mos á patria e, facéndoo, hon- raremos a Castelao, de xeito que o seu espírito se sentirá led e satisfeito do homaxe que lle tributamos, pondo en práu- tica o seu Evanxelio.

"A Galicia ideal", ésta Ga- licia de Bós Aires, que mere- ceu ser chamada así i apadri- nada por Castelao, ten sobor de sí unha grande responsabili- da: é a de seguir sendo Galicia i á de seguir sendo ideal; a de seguir sendo aquilo que o mes- tre fixo, e quixo, que fose. Que esta Galicia non se esquezna nunca de ser eso, porque elo será sempre o seu máximo hon- nor i ó mellor tído que poida ostentar diante as xeneracións que nos teñen de suceder e que se lembrarán de nós con orgu- llosa satisfacción.

Até o dagora imos pol-o bon camiño, o que é unha boa pro- va de que a reutoría que Cas- telao exerceu sobor nós, en vi- da, sigue gravitando na nosa aución e sigue tendo a mesma valenza; porque Castelao, até o morrer, tivo a inorme virtude de facer que, ó conxuro do seu nome, tremezan os corazóns in- zando sentimentos nobres de fraterna irmandade, xermolen nas mentes os outos pensamen- tos e fiquen total-as ansias con- vocadas pra unha Eucaristía no altar da patria, en comunión sagra co espírito do ben amado mestre.

Nas honranzas que se lle tributaron a Castelao, ao se cumprir o primeiro ano da súa morte, houbo unha quente lem- branza do seu nome, da súa obra e de todo o que él sinificou e sinifica pra Galicia e pra os galegos todos; houbo a emoción entristurada dun homaxe nazo- nal galego, ó fillo máis dilecto, ó máis amado, ó que se fixo diño de ser lembrado con viva emoción, que ten de perdurar ó longo dos anos, dos séculos e dos milenios, porque era o fillo da gracia i era a gracia misma feita carne e sangue da patria galega e glorificada pol-o con- senso do noso povo. Do noso povo do que esta "Galicia ideal" é hoxe unha das mello- res expresións e unha mui sinifi- cada representación, pol-o seu sentimento, pol-a súa conduta e pol-o seu amor á patria lonxa- na. Todo elo por obra e gracia do luminoso espírito de Castelao.

De Novo no Roteiro

Fai un ano que pasou á eternidade o noso máisimo per- soeiro. A NOSA TERRA, cun número especial, no que volcou toda a súa door, rendeu-lle o tributo merecido. As nosas bágoas aínda non están enxotas; pero o noso deber obríganos a saír de novo á rúa para seguir defendendo os mesmos ideaes da outa figura desaparecida: Castelao.

Este nome, que de oxe en adiante, como clarín de guerra soará nos ouvidos galegos, igual que no antergo soaba o corno de Breogán; este sagro nome, repetimos, debémolo levar sem- pre nos beizos e no corazón todol-os que anceiamos para a nosa patria, Galiza, o dereito de gobernarse por sí mesma.

Os galegos que temos a sorte de residir en Bós Aires es- tamos obrigados a traballar pol-a liberdade da nosa Terra, xa que os que nela viven atópanse aferrollados e impedidos, pol-o tanto, de facer unha laboura eficaz en prol dos ideaes que nos son comúns. O mestre que todos choramos chamou a esta cidade a capital meirande de Galiza. Eiquí desenrolou a súa campaña patriótica para erguer o espírito galeguista da nosa co-lectividade. E abofé que o conseguiu dun xeito que non admite dúbida. A nosa tarefa está ben sinalada.

Agora ben; é mester unha conducta limpa e reitiliña, crara, como compra antre irmáns, para que non perdámolo tempo en intrigas e pequenas loitas, que luxan os nobres propósitos que perseguimos. Os ollos dos que alá sofren i esperan están fixos en nós. De nós agardan a súa salvación. Cecáis vennenos á dis- tancia meirandes do que somos. Non defraudemos a súa fe. Mantéñamos a súa ilusión, que os axudará a esperar con pa- ciencia o día do trunfo. Xunguidos pol-o amor á nosa Terra debemos esquencer as rencillas caseiras e traballar con fervor pol-o que a todos nos xunta.

Autonomía para Galiza e República para Hespania, dixo moitas veces Castelao en conferencias e artigos. Tal debe ser a principal preocupación dos "bós e xenerosos" —oxe en ma- ría—, que habitan nesta populosa urbe american.

Estamos nun intre crucial da vida da humanidade. Non é posíbel adiviñar o que nos traxerá o mañán. Negros nubarróns auguran unha tormenta aterradora, que nos sumirá nun caos, anque ao mellor, un vento acrra o hourizonte, e todo se volve luminoso.

Non importa o que suceda. Os galemos debemos estar aten- tos e pensar sóo no noso problema. ¿Escravidade de dereita? ¿Escravidade de esquerda? Alá eles. Nós fomos e seremos sem- pre democratas. Por unha Galiza deste xeito loitamos e loitare- mos con total-as nosas forzas, hastra dar o noso sangue si é perciso. O demáis está fora das nosas previsións.

As insinanzas do noso inmortal guieiro serán a lus do faro que nos alumeará no ensomado porvir.

(Pasa á pág. 2)

O número especial de A NOSA TERRA

Para render o tributo debido a un dos seus máis ilustres fun- dadores e colaboradores, A NO- SA TERRA adicou un número especial en honor de Castelao. A fonda emoción que en to- dol-os galegos despertou a súa morte, obrigounos a intentar al- go que perdurara e recollera ese sentimento de murgura que aínda hoxe nos se eistinguen.

A empresa non era fácil. Difi- cultades económicas e de dis- tancia entorpecían grandemen- te. Pero o patriotismo de homes entusiastas da nosa co-lectiva- de e o traballo desinteresado de outros, resolveron os dous prin- cipales problemas.

Ao cabo de varios meses de constante laboura, pódose sa- car á rúa o número que os no- sos lectores coñecen e que amos- tra o benquerido que era o noso inesquecible i entreñabel irmán. Nasas páxinas, cheas de amor e de admiración para él, ponse de releve o outo valor de este home, que tivo a rara fortuna de xunguir no cerne da súa alma os seus variados ta- lentos a unha bondade e simpa- tía innatas, que conquerían de súpeto o corazón de todo o mun- do. E todo posto, sen reservas, ao servizo de Galiza, por cúa liberdade loitou cunha pureza e unha dedicación insuperábeis.

A NOSA TERRA debíalle ese homaxe a Castelao para pa- tentizar canto perdemos coa súa desaparición. As futuras xene- racións poderán constatar nese número que él foi, sen dúbida algunha, a figura meirande no- sa, que marca unha época e sinala un exemplo de civismo, honradez e amor á Terra.

ANIVERSARIO DA MORTE DE CASTELAO

(Informacións para p. x. centrais)

De Novo no Roteiro

(Ven da pág. 1)
(TRADUCCION)

Hace un año que pasó a la eternidad nuestro máximo conductor. A NOSA TERRA, con un número especial, en el que volcó todo su dolor, le rindió el merecido tributo. Nuestras lágrimas aun no están secas; pero nuestro deber nos obliga a salir de nuevo a la calle para continuar defendiendo los mismos ideales de la alta figura desaparecida: Castelao.

Este nombre, que desde hoy en adelante, como clarín de guerra, sonará en los oídos gallegos, igual que antaño sonaba el cuerno de Breogán; este sagrado nombre, repetimos, lo debemos llevar siempre en los labios y en el corazón todos los que ansiamos para nuestra patria, Galicia, el derecho de gobernarse por sí misma.

Los gallegos que tenemos la suerte de residir en Buenos Aires estamos obligados a trabajar por la libertad de nuestra Tierra, ya que los que en ella viven se encuentran encadenados e impedidos, por lo tanto, de hacer una labor eficaz en pro de los ideales que nos son comunes. El maestro que todos lloramos llamó a esta ciudad la capital mayor de Galicia. Aquí desarrolló su campaña patriótica para levantar el espíritu galeguista de nuestra colectividad. Y a fe que lo logró de una manera que no admite duda. Nuestra tarea está bien señalada.

Ahora bien; es menester una conducta limpia y rectilínea, clara, como cumple entre hermanos, para que no perdamos el tiempo en intrigas y pequeñas luchas, que ensucian los nobles propósitos que perseguimos. Los ojos de los que allá sufren y esperan están fijos en nosotros. De nosotros aguardan su salvación. Quizás nos ven a la distancia más poderosos de lo que somos. No defraudemos su fe. Mantengamos su ilusión, que los ayudará a esperar con paciencia el día del triunfo. Unidos por amor a nuestra Tierra, debemos olvidar las rencillas caseras y trabajar con fervor por lo que a todos nos junta.

Autonomía para Galicia y República para España, dijo muchas veces Castelao en conferencias y artículos. Tal debe ser la principal preocupación de los "buenos y generosos" —hoy en mayoría—, que habitan en esta populosa urbe americana.

Estamos en un momento crucial de la vida de la humanidad. No es posible adivinar el mañana. Negros nubarrones auguran una tormenta aterradora, que nos sumirá en un caos, aunque, a lo mejor, un viento aclara el horizonte y todo se vuelve luminoso.

No importa lo que suceda. Los gallegos debemos estar atentos y pensar sólo en nuestro problema. ¿Esclavitud de derecha? ¿Esclavitud de izquierda? Allá ellos. Nosotros fuimos y seremos siempre democratas. Por una Galicia así luchamos y lucharemos con todas nuestras fuerzas, hasta dar, si es preciso, nuestra sangre. Lo demás está fuera de nuestras previsiones.

Las enseñanzas de nuestro inmortal guía serán la luz del faro que nos alumbrará en el ensombrecido porvenir.

¡Vaite co Señorito!

Por JOSE RAMÓN FERNÁNDEZ

Co título que encabeza estas liñas, publicou o "Faro de Vigo" do 13 de decembro derradeiro un sabroso artigo do eminente escritor e arqueólogo arriba nomeado, constando a un parvo que escribuen pestes do idioma galego.

A pesares de que nestas mesmas páxina comentamos as verbas do desleigado, indino de haber nacido na Galiza, non resistimos ao desexo de insertar a graciosa e contundente réplica de Don José Ramón Fernández. Vela eiquí:

"A cousa parece fatal e irremediábel: de vez en cando xurde un señorito sin moito que facer e ganas de chamar sobre si a atención dos demais i en vez de porse unha de esas camisas detonantes, que agora levan os "snobs" e das que foi un precursor o "Divino Hojalatero", dalles por agarrar a pruma, do xeito dunha basoira, e pónense a esbardallar. Contra qué? Pois contra qué había de ser, meu Santo! contra do idioma galego, que é o que ten a culpa de tantos males ocorren na nosa terra. dende o esgaraballo da patata até a falla das sardiñas, que foxen das nosas costas por non escoitar falar en galego aos marifeiros.

"O día que saian ao mar falando en señorito, as sardiñas caeráse-las a baba e meteranse nas redes feitas unhas parviñas e dicindo pra o seu escamallo: 'Istes si que son marifeiros cultos e non os que falan esa xerga do galego'.

"Pois si; o galego ten a culpa de todas as nosas desgraças; entre elas a de que sirva pra distinguir aos bós galegos dos señoritos cultos. de tan outa cultura que presumen de non saber leer o galego. Como que de eiquí pra diante cando un pai queira gabar a sabencia do seu fillo terá que decir: 'teño un fillo tan feto que non sabe nin

verba de inglés". E si ademais de non saber inglés, tamén ifiora o francés, millor aínda; e tanto mais listo será cantos menos idiomas sepa. Porque aquilo de que un home é tantas mais veces home cantos mais idiomas domine, foi unha parvada que seica se lle ocorreu a un home coma Carlos V, con permiso dos señoritos, porque ao millor non foi el sinón Don Sabihondo quen-o dixo.

"Vaite, vaite, ¿con que a causa dos fracasos dos emigrantes galegos é a de non saber falar mais que o noso idioma? Calqueira o diría ao ver como triunfaron e trunfan na Arxentina os galegos que aló rixen e mandan na industria do automóvil, poño por exemplo, e que da a casualidade que todos eles siguen presumindo de falar galego.

"Pro, si os galegos fracasan por falaren na súa fala, ¿como se arranxan os polacos, e os gregos, e os italiáns e tantos outros extranxeiros que saen da súa patria en busca da dura mananza da emigración?

"Estaría ben que no-lo esprica. ran os que non saben nin queren saber galego. Porque aos que non somos señoritos de profesión oñen resenos que o que domina unha técnica de calqueira clas é superior ao señorito que somentes sabe profundar nos cafés. E cando se é un técnico pouco importa o idioma que se fale; o importante é o traballo que se rinda; o demais é lería.

"Y en canto a cso de que os que escriben na nosa língoa é porque non teñen cousa que decir en castelán é outra confesión de incul-tura tan grave como a de decir que non sabe o galego un tipo criado en Galicia.

"Eu non me vou tomar o traballo de lle citar a lee os nomes dos

A viaxe do irmán Xosé B. Abreira

Nos longos meses que istivo sen publicarse a A NOSA TERRA, déronse algúns feitos que, por máis sere serodidamente, temos de referilos. Esí, a viaxe do afervoadado patriota galego e benquerido irmán Xosé B. Abreira feita nos meados do ano derradeiro. O Abreira, dis-pois de moitos anos que saíra do chan patrio, cumpriu co seu vello e fondo degoiro de voltar a Terra, a se mergullar nela co corpo e co espírito, e a aprel-xar con tenrura súa venerabel nai.

Nas vespertías da súa viaxe, Abreira foi agasallado garim-samente por un numaroso nó-creo de irmáns e amigos que lle ofreceu unha cea no Centro Ourensán. O aito acadou brillan-teza pol-a afervoadada camarada-xe que n-ñ reiñou e pol-a quen-tura i elocuencia das verbas que, a nome de todos, dixo o irmán Ramón Valenzuela pondo de rele-ve os outos merecmentos de Abreira coma patriota galego e como amigo.

O Abreira chegon a Galiza e n-ñ ben cumpriu cas sagras obrigas de fillo no seu povo na-dal de Melra, déuse a percorre-la en peregrinaxe patriótica. Ist-ivo en Compostela no Día de Galiza, asistiu a os altos que eñ se celebran n-esa data e de ma-neira especial puxo sen espírito no homenaxe que tudol-os anos, n-ese día, lle fai a galeguidade a rula Rosalía. Peregrinou a Rianxo pra visitar o fogar de Castelao e lle levar as irmáns do noso Guieiro o saudo afervoadado dos patriotas galegos de Bós Aires. Peregrinou por Vil-lagarcía, Vigo, Ourense, Lugo, Cruña, deixando en tudol-os lugares do seu itinerario a quentura e o refulxir da foguei-ra galeguista que leva a cotío no espírito. E o mesmo luminoso ronsel deixou entre os núceros de irmáns galegos que visiton en Madrí, na Habana, en Méxi-co e Río Xaneiro, etapas da súa longa viaxe.

Voltou o irmán Abreira ca raba acugulada de doces emo-zóns, fortalecida súa fe nos destínos da patria galega e con anovados azos pra traballar e loitar pol-a nosa sagra causa.

O irmán Abreira fixo a viaxe na compañía da súa dinísima do-na Doña Mercedes Cela, cuio espírito, tan solidarizado cos sentimentos do seu home, com-partiu tudal-as suas ledicias e inquedanzas patrióticas.

escriitores con obra insigne nas duas línguas, entre outras razóns porque coído unha parvada ensinar de balde aos que presumen de señoritos. O que queira peixe que se molle as cirolas e o que queira saber que colla os libros e se docu-mente de se lanzar a patinar por terreos que descoñece.

"Pro en fin de contas non hai por que perdel-o tempo en cousas que non ademiten discusión. Do mesmo xeito que a ningún fillo se lle pode afeax que queira a súa nai, tampouco a ningún galego se lle pode negar o dereito a que fale ou escriba na súa fala. O que sen-do galego non o fai xa se retrata como un desleigado. ¿Qué lle pa-recerá ao tal que houbese un cas-telán que presumise de non enxer-guer o idioma de Cervantes? Su-poño que de analfabeto pra baixo non lle fallarían epítetos. Pois o caso é o mesmo, e que se aplique o conto".

LEA E DIFUNDA
A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO
GALEGO, QUE DEFENDE
A AUTONOMIA DE GA-
LIZA



"MUNDO HISPANICO" órgano d'infiltración falanxista en América, adicoulle un número estraordinario a Galiza, e a for de sinceiros, que está feito con moi bon gosto, abundante e bon ma-terial gráfico e literario e ademais, con moita, con moitísima ha-bilidad política...

Nas numerosas páxinas que compoen o mesto volume, non aparés por ningures, a pequeneira e amacacada figura do SALVA-DOR da "España una y grande", nin mentas do seu tráxico ré-xime. A cousa é conseguir que os galegos d'América s'esquezan do pasado... e do presente... E TUTTI CONTENTI...

OS VASCOS cerebraron "O Día Universal do idioma vasco" con fervor e unha emoción patriótica que dis moi outo dun povo amante das súas liberdades e tradicións axeitadas á súa moda-lidade nazional.

Resulta solprendente a tenacidade e patriotismo deste ma-ñifico povo que loita con uñas e dentes, pol-a supervivenza do seu idioma que en trance de dasaparescer, apréstanse a librar ba-talla. As dificultades son moitas, —sábena ben— máis vence-rán. Vencerán porque ren hai que non poida superar un povo encheito de vontade de ser e de fé nos seus destínos.

A CEREBRACION do Día Universal do idioma vasco" em-purrounos IN MENTI, ao pé do "Cristo das línguas" como lle chamou Curros ao idioma galego.

Acarón da loita afiuzada dos vascos por manter o seu idio-ma pra ceibarse do coloniaxe cultural imposto por Castela, sol-prende que haxa galegos que nos veñan coa andrómena do "bi-lingüismo", precisamente, nun país onde as nove décimas partes da súa povoación fala o galego, apesares da persecución oficial. Idioma fleisibel e apto pra todal-as manifestacións do espírito e unha das línguas latinas de máis forza eispresiva. A maravillosa lírica dos nosos canzoeiros e o ciclo poético moderno comezado pol-os nosos precursores no derradeiro carto do século dazanove e que acadou voo universal con Rosalía, Curros e Pondal e con-tinuado por Cabanillas, Amado Carballo, Manoel Antonio, Vic-toriano Taibo, Prieto Marcos, Iglesia Alvaríño, etc., informa doadamente da categoría do idioma galego como língoa moderna.

DECIAMOS máis arriba que, as nove décimas partes da povoación de Galiza fala o idioma galego, o que quer decir, que hai unha décima parte en discordia.

¿Quén son e por qué proceden así? ¿Constituen un par-tido político ou ponta de lanza da cultura hespañola en terra galega? Non. Aituan por libre. Refugan o galego porque pensan os coitados que falando en castelán son máis finos, máis cultos...

Dánse esta cras de cibdadáns, nas vilas do país galego e o povo os sinala despeitivamente co alcume de "señoritos" pol-a súa semellanza co noxento señorito hespañol; non embargantes, compre pór en craro que non todol-os que falan castelán en Galiza son señoritos no fidel senso da verba, pois eisten aque-l —poucos gracias a Deus— que foron á Universidade e saíron abraíados das profundas profundidades da cultura e o idioma de Castela i entregaron o seu espírito ao imperio da estepa.

A estes non é posibel salvalos nin con misas cantadas...

Doña Isabel

Nestes días, cumpre-se o cincocentos aniversario do nacemento de Doña Isabel a Católica, fundadora da mal-fadada unidade hespañola —imperio castelán— e de tan funesta lembranza pra nós os galegos.

Verdugo do noso Mariscal Pero Pardo de Cela de-golado en Mondoñedo o 17 de nadal de 1473 por defender afiuzadamente a liberdade da terra galega contra as pre-tensións imperialistas de Castela; a sortir daquela funesta data, Galiza, a saudosa e culta Galiza dos canzoeiros per-deu a súa liberdade como povo diferenzado e creador con-vertíndose baixo o imperio rexido por Dña Isabel, nunha colonia de Castela, impónoselle como brutal humillación o sere representada en Cortes pol-a cidade de Zamora.

Catrocentos longos anos d'esclavitude a remolque dun país de terceiro orde que careceu decote de xenio político, levounos gradualmente a arrastrar unha existencia na-zional depauperada espritoal i económicamente.

Guerras estúpidas de mentalidade enxebremente hes-pañola que os galegos nin as sentiamos nin ren tínamos que ver con elas, como a carlista, Filipinas, Cuba e Ma-rruecos, e derradeiramente a franquista, que levou a pe-nínsua aos bárbaros tempos do machado e do garrote vil; da clericala trabucaire e o militarismo prepotente e cerril.

Pasaron catrocentos longos anos e o funesto espírito de Doña Isabel, decote axexante no espírito cerril de Cas-tela, estourou bruante e asesíño ao berro de: "España una y grande" ensanguentando os eidos da penínsua co san-gue xeneroso dos povos que arelan vivir unha vida ceibe, diña e progresista.

Estraordinarias Labouras da Nosa Colectividade nos Ordes Patriótico e Cultural Galegos

HOMENAXE A PRIETO MARCOS

Organizado pola Coral "Terra Nosa" do Centro Orensano rindiuse un loido homenaxe ao inesquecible poeta e músico Manuel Prieto Marcos o 23 do derradeiro Xuño, co gallo de cumprirse o Vº aniversario da súa morte. Aitoun a dita Coral, baixo a dirección do mestre D. Isidro B. Maiztegui; fixeron recitacións de versos de Prieto Marcos os señores Enrique A. González e Fernando Iglesias e pronunciaron elocuentes discursos os señores Ricardo Flores e Avelino Díaz.

CELEBROUSE A DATA DO PLEBISCITO DO ESTATUTO GALEGO

O 28 do derradeiro Xuño, celebrouse un grandeiro aito no salón teatro da rua Pte. L. Sáenz Peña 242 desta cidade en lembranza do Plebiscito do Estatuto Galego o cumpríase nesa data o 14º aniversario de tan esecucional acontecemento cívico da galeguidade. Tomou parte, interpretando o Hino Galego e outras cancións galegas a Coral "Terra Nosa" do Centro Orensano; ofreceron un belido recital de poesías patrióticas galegas a esgrevia recitadora Lita Suárez e falou o presidente da Comisión Organizadora D. Cándido Rey que abriu o aito. D. Benito Cupeiro que fixo o discurso de fondo estudando brillantemente a significación e transcendencia do lembrado Plebiscito, e D. Antón Alonso Ríos Segredario do Consello de Galiza que pechorou o aito.

Tan brillante celebración foi organizada pola Comisión Intersectorial Galega composta polas seguintes entidades: Centro Orensano, Centro Pontevedrés, Centro Lucense, Centro Provincial Corunés, Irmandade Galega, Centro Betanzos e Centro A. B. C. de Corubián.

Tamén a Federación de Sociedades das Gallegas celebrou a data do Plebiscito con un loido aito na súa sede social.

DÍA DE GALIZA

O 25 de Xullo de 1950, — Día de Galiza, — foi celebrado, como de coste, moi brillantemente pola nosa colectividade.

O Centro Galego de Buenos Aires fixo un aito no Teatro Avenida no que se deu a coñecer o resultado do seu anual Concurso Literario e Musical e se distribuíron os correspondentes premios. Pronunciou brillante discurso patriótico o destacado intelectual e xurista consuleiro galego D. Valentín Paz Andrade quen adicou afervoadas verbas de lembranza a Castelao. O glorioso nome do noso inesquecible morto, foi saudado polo público con formidabel ovación.

Os Centros Orensano e Pontevedrés en fraternas asembleas celebraron o Día de Galiza con diversos aitos que acadaron moito éxito. Un manifesto concerto da Coral "Terra Nosa" baixo a dirección do esgrevio mestre Maiztegui o día 28 nos salons do Centro Orensano, con patrióticas verbas de D. Valeriano Saco. Unha estraordinaria audición radial pola máis importante emisora argentina, Radio "El Mundo", na que aitoun brillantemente a Coral "Terra Nosa" e pronunciou afervoadas alocucións galeguista D. Rodolfo Prada. Conferencia polo distinto intelectual galego Xesús Nieto Pena sobre o tema: "Amor e saudade nos poetas galegos do medioevo" e concerto de música galto-galega pola insigne pianista Letizia Gandolfi nos salons do Centro Orensano o día 26 de Xullo. Concerto de música e cancións galegas pola Coral "Terra Nosa" no Teatro del Pueblo o día 27, con verbas de D. Benito Cupeiro e disertación do esgrevio poeta Emilio Pita, organizado polo Centro Provincial Corunés. Grandeiro tantar no Pazo Galego do Centro Pontevedrés, o domingo 30, con verbas iniciais de D. Valeriano Saco, brillantes discursos de D. Xosé Núñez Búa e D. Cándido González e verbas finais de D. Valentín Paz Andrade.

O Centro Betanzos cun núcleo de entidade crúesas ofreceu un loido festival artístico na Casa Suiza que se viu estraordinariamente concorrido.

A Federación de Sociedades galegas e moitas outras entidades ga-

O reanudarse, co iste número, a publicación de A NOSA TERRA sentímol-a obriga de rexistrar, — anque soio sexa con brevidade, — as principais labouras patrióticas e culturais feitas pol-as colectividades galegas do Plata no período da nosa ausenza. E o facemos con fonda lección, posto que elas acadaron estraordinaria importancia e brillanteza que amosan como as doutrinas galeguistas conquerriron infruir con amplitude e fondura no espírito das nosas xentes, de maneira especial dende que o esgrevio guieiro Castelao as espallou ca firmidade da súa fe, ca caridade do seu talento e ca exemplaridade da súa conduta reitilina e do seu afervado patriotismo galego.

legas celebraron dinamente o Día de Galiza.

CONFERENCIAS DE PAZ ANDRADE

Patrocinadas polo Centro Galego de Bós Aires, a quen se lle debe a visita que fixo a iste país, o destacado escritor, advogado e economista galego D. Valentín Paz Andrade, pronunciou unha serie de ilustrativas conferencias que foron ditas nas Facultades de Ciencias Económicas e de Dereito da Universidade de Bós Aires, nas que desenrolou, con brillanteza e fonda, ra de coñecimentos, escrupulosamente teimas galegas.

ESPOSIZON DE PINTURA

Na primeira quincena do derradeiro Agosto ofreceu o noso distinto irmán Lois Seoane unha maifeca exposición de obras na prestixiosa sala da Sociedade Hebraica Argentina. A mostra acadou moito éxito de crítica e de venda. Como sempre, na pintura de Seoane latea fortemente o espírito da nosa sagra Terra.

NOVA AUDIZON RADIAL GALEGA

Os irmáns galegos do Uruguai non tiñan a sorte de contar como nós con unha audición radial galega. Eiqui temos, dende fai algúns anos, a meritísima audición "Recordando a Galicia" que baixo a certa dirección da destacada actriz Maruxa Boga e ca brillante colaboración de Alfredo Arostegui, Enrique A. González e Fernando Iglesias, ven desenrolando outa audición patriótica galega. Mais agora, dende mediados do derradeiro ano, conta tamén íles con unha maifeca voce no éter que espalla o nome da nosa patria Galiza e seus valores culturais, baixo o título de "Sempre en Galiza" que inmortalizou Castelao co seu famoso libro, chamado a "biblia" dos galegos. A nova audición radial galega do Uruguai débese a iniciativa do fino poeta galego Emilio Pita e a valerosa colaboración dos irmáns galeguistas Alfredo Somoza, Lois Tobías, Pedro Couceiro e Manuel Mellán.

CONFERENZA DE RODOLFO PRADA

O 28 do pasado Xullo, deu unha conferencia no Centro Republicano Español d'ista cidade sobre o tema "Galicia y el Estado Español" o noso irmán Rodolfo Prada. A dita conferencia formou parte d'un ciclo organizado polo devandito Centro en col do Federalismo e no cal disertaron tamén un persoeiro hespañol, un vasco e un catalán. O traballo do irmán Prada á ser espallado nun folleto pola Irmandade Galega.

AUDIZONS GALEGAS DA B.B.C. DE LONDRES

As colectividades galegas do Plata venen escoitando con afervado intrés as maifecas audicións radiais adicadas a Galiza no noso idioma galego pola máis importante emisora d'Europa; a broadcasting B. B. C. de Londres.

O DÍA DOS MÁRTIRES GALEGOS

Como tudol-os anos, a data dos mártires galegos, — 17 d'Agosto en que foi fusilado polo fanatismo hespañol o esgrevio Segredario do Partido Galeguista irmán Alexandro Bóveda o ano 1936 — tivo condina conmemoración, con un xurrido aito organizado pola Comisión Intersocietaria Galega e realizado nos salons do Centro Orensano, o

voado patriotismo galego.

Folgámonos de ofrecer ista relación de feitos e tamén de sinalar que en casi tudos íles, — senón en todos, — tivo a nosa Irmandade Galega especial participación, xa directamente ou ben por meio de membros da mesma, cumprindo así con eficacia e con amplitude a súa específica finalidade patriótica. Non incriúmos n-ista relación os grandeiros aitos do velatorio i enterro do presidente do Consello de Galiza, o inmorrente Castelao, xa que íles foron debida e ampriamente rexistrados no número estraordinario que A NOSA TERRA lle adicou co gallo de tan trascendental e tristeiro acontecemento.

ral na súa sede social con situación do devandito Coro e belida disertación do irmán Avelino Díaz; xantar o domingo 30 no que falaram os señores A. Suárez do Pazo e o deputado Sr. Antón Alonso Ríos.

O 20 de novembro último, o Centro Betanzos na compañía de moitas sociedades crúesas ofreceu no Teatro Avenida un manifesto concerto de música, canto, poesía e baile galegos que acitou loido éxito.

CINCOENTENARIO DE BRANAS

A data en que se cumpriron cincuenta anos da morte do esgrevio mestre da doutrina rexionalista galega, Alfredo Branas, foi lembrada con especíes e amplas publicacións ofrecidas polo prestixioso órgano periodístico "Opinión Gallega".

CENTRO BETANZOS

No derradeiro Agosto celebrou unha serie de aitos, entre os que temos de sinalar: unha audición estraordinaria pola Hora Radical "Recordando a Galicia" na que aitoun seu Coro "Os Rumorosos" e falou seu presidente D. Antón Suárez do Pazo; un loido aito cultu-

CENTRO A.B.C.D.E. CORCUBION

Ademais da periódica publicación da súa revista "Alborada", eficaz espalladora de valores culturais e patrióticos galegos, ofreceu un banquete conmemorando seu 25º aniversario no que falaram en galego, baixo o máis nido sino galeguista, os señores Perfeito López, Xerardo Paz Lestón e Antón Alonso Ríos.

FESTA DA POESÍA GALEGA

O Ateneo "Curros Enríquez" da Federación de Sociedades Gallegas, baixo a presidencia do irmán Ramón Valenzuela Otero, celebrou o 21 de

setembro derradeiro un belido aito cultural baixo o nome de Festa da Poesía Galega. Falaram o irmán Valenzuela e o segredario da Federación D. Xerardo Díaz. Recitaron fermosas poesías galegas os señores Lito López e Fernando Iglesias e as Sras. Débora Maccira e Lita Suárez. Ofereu unha agudas glosas sobre de poetas galegos o señor B. Souto. Aitoun o coro "Rosalia Castro" ea concertista de piano Letizia Gandolfi. Na derradeira Xesús Nieto Pena disertou brillantemente sobre dos Cancioneiros galegos.

CORAL "TERRA NOSA"

Ista prestixiosa coral do Centro Orensano que dirixe con outa mesura Isidro B. Maiztegui, ademais das súas asembleas en varios dos aitos que se rexistran n-ista relación, ofreceu manifestos concertos de música e canto galegos en entidas das argentinas tales coma o Club A. Independiente de Avellaneda, o Círculo de Maestros da cidade de Plata e o Museo de Bellas Artes de Boca. Ademais grabou unha serie de trece discos con esecelentes cancións galegas.

CENTENARIO DE LAMAS CARVAXAL

Foi conmemorado de xeito estraordinario con varios aitos levados a cabo por unha Comisión presidida por D. Antón A. Rodríguez e integrada por sociedades orensanas a iniciativa do Centro Orensano. Fixeron un Concurso Literario de traballos en idioma galego, no que conquistou o primeiro premio D. Alberto Villanova residente en Ourense, e o segundo D. Francisco Fernández del Riego residente en Vigo, amos destacados intelectuais galegos. Editaron un manifesto libro titulado "Antoloxía" de prosa e poesía de Lamas Carvaxal con prólogo de Edoardo Blanco Amor. E celebraron un grandeiro aito artístico-cultural no Teatro Avenida o 30 d'outono derradeiro que acadou gran loicemento. Aitoun n-ill b. lamente a Coral "Terra Nosa", os concertos de bailes galegos dos Centros Betanzos e Salceda, a recitadora Lita Suárez e o conxunto "Gaiteros de Villaverde".

Abriu o aito con axeitadas verbas D. Valeriano Saco e pronunciou unha maxistral conferencia sobre a obra de Lamas Carvaxal o irmán Dr. Xosé Núñez Búa.

EDICIOS DE LIBROS GALEGOS

Ademais da edición da moimental obra de Castelao "As Cruces de Pedra na Galiza" da que damos conta en nota aparte n-iste número, a cal, por si soia, abundaría pra honrar a colectividade galega de Bós Aires, outros importantes libros galegos foron editados no ano derradeiro, tales coma a "Antoloxía" de Lamas Carvaxal, editado pola Comisión de Homenaxe a íse poeta, "Catedrales Gallegas" por D. Xesús Carro García e "Danzas Gallegas" por D. Francisco Fernández del Riego editados polo Centro Galego de Buenos Aires. Folgámonos, así mesmo, de rexistrar a publicación d'un belido libro de poesía titulado "Junto a la verde ría" sobre de teimas galegos, obra do esgrevio poeta argentino Alfredo R. Bufano recentemente falecido.

CONFERENZA DO IRMÁN VALENZUELA

Patrocinada polo Centro Orensano, cula laboura patriótica galega ista por riba de toda loubanza, ditou unha moi ilustrativa conferencia o irmán Ramón Valenzuela Otero no salón de aitos da dita entidade o 21 do derradeiro novembro. Versou sobre da "Prehistoria de Galiza". Abriu o aito facendo a presentación do conferenciante o segredario de cultura do Centro Orensano, irmán Rodolfo Prada.

ALMANAQUE GALEGO

O Centro Provincial Corunés editou n-iste ano 1951, o igual que no 1950, un "Almanaque Galego" de moito intrés pra o galeguismo, xa que n-ill sinalanse as nosas datas patrias. O almanaque d-iste ano está adicado ao esgrevio patriota galego Alfredo Branas.



Así son da
zanfona

Democracia Porcuna

Por VERDUGUILLO

Perplezo e desconcertado,
en verdade estou, leitor,
diante un feito inusitado,
de vergonza e deshonra.

Resulta que o porco, agora,
da O.N.U. por obra e gracia,
hase trocado sen demora
en puntal da democracia.

¡O cocho con Chan Kai She
da libérti salvadores!...
¡Como rirá don Xosé,
vendo tales defensores!

¡Ao buscar estas axudas
Truman perdeu a chave!
¡Linda parexa de Xudas
pra facer unha opereta!

Como o asunto de Corea
tópase bastante mal,
o presidente tolea
e toma un aire marcial.

Y en continuo perorar,
insensíbel aos alarís,
os seus atómicos raios
ameaza descargar.

Anque o gran representante
do famoso Tío Sam
máis que un Xúpiter tonante,
asemella un saneristán.

E co seu tgn belicóso
ao povo sinxelo aterra;
máis non parece que o oso
teña ganas dunha guerra.

Homes con toda premura
recreámon do mundo enteiro;
pero a xente non se apura
a marchar pra o maladeiro.

Non lle fai caso ningún,
nin a nación máis amiga;
por adiante dálle amén
e por detrás fállle a figa.

Eisí con moito cinismo
o arriscado american,
co conto do comunismo,
ao cochino doulle a man

E vemos a este verraco
cómo empeza a galear,
pidindo xa o seu anaco:
¡O peñón de Xibraltar!

Si Roosevelt resucitara
de asco morrera outra vez;
o que el tan ben axeitara
oze desfoise cos pés.

¡Fatal equivocación
do político do norte!
Esta denigrante unión
non lle vai a traquer sorte.

¡Xuntarse a un porco apestado,
que a concencia universal
ten fai tempo condenado!...
¡Torpeza trascendental!

¡Garboso da compañía
pode estar o puritano!
¡Non lle pesará algún día
a amizade do marrano!

Castelao Home e Artista

por

CLEMENTE LOPEZ PASARON

No movement cultural moderno de Galiza comeza con Castelao a arte de contido. Contido racial, telúrico primeiro, evolucionando deica o senso social e político, maduración, froito lo-grado perfecto.

Antes d'el, podemos n'unha rápida visión confirmar esta premisa. Nos precursores, o achádego do idioma esquecido (gardado amorosamente no povo), foi unha longa melodía que se recreaba en si mesma. Como reacción sentimental, chegaron logo os temas do desprezo e da emigración. Máis tarde, a procura do símbolo que ficou xa pro sempre cristalizado no "Mariscal", principio e fin dos nosos anseos de independencia. Mais, si queremos atopar antecedentes inmediatos a Castelao, teriamos que partir de Pondal e de Curros Enríquez. Curros é o noso meirante poeta civil. O que puido dar á nosa poesía ese principio social pro-fundo que aínda está agardando ó historiador que o revele.

Curros é o poeta das reivindicacións sociais, e estraña que no move-mento republicano galego no houbera quen se decatase do enorme mensaxe humano que trouxo este poeta. Desbotando o laio que enfermou tanto a nosa arte, o autor do "Nouturno" trema os seus varils aentos cramando por unha xeración de estrelas n-aquel mundo de sapos formado pol-os seus contemporáneos.

O pe d'el, a figura férrea de Pon-dal estende os tentáculos augurios en prol de bretemoso porvir preñado de promesas.

A resultante das dúas personali-dades citadas, a súa síntese, pra min, é Castelao.

O noso gran desaparecido foi, prime-ro, n'aquelas belidas obras que no noso grupo galeguistas se disputaba: "O ollo de vidro", "Cousas", "Os deus de sempre", o milagroso ve-hículo con que os emigrados voltába-mos á Terra.

Quén non lembra oxe ó "Rifa-te", ó "Profundador", a "Martino" e o amorado das campanas, ou a arre-piante novela de "Xosé Carballo" símbolo xenial do drama do noso po-bo, sufrido, arriscado e valente, espallado polo mundo, vítima sempre, condeado a terminar co seu coiro na cheirenta trastenda d'unha casa de "curiosités". Tremendo exemplo, mais non por eso, menos real.

A arte "castelaina" e a primeira manifestación da súa natureza esté-tica, racial, europea, inspirada nas profundas fontes da Terra e ategada de un sabio escepticismo feixoano, de un-ha amable fironía nórdica, de un

humor que correixe, sorrindo maina-mente. Sin el, non podría explicarse o noso pleo renacer actual das artes e do pensamento. El foi o nudo preciso, o estabón que se prolonga no templo deica esta evolución das nosas plásti-cas e literarias na hora de hoxe; e, o máis importante, o despertar político que está facendo posible a espera con-cente de noso pobo pol'o que ha de chegar.

En Castelao realízase en forma per-fecta a metáfora de Juan Ramón Ji-ménez: "arraigado si, pero que no se noten tus raíces". De ese modo, Cas-telao é sempre un profundo arraigado galego donde quera que estea mais, o seu outo lirismo trasfunde a materia-lidades do seu pensar.

En Castelao, pode decirse que, "na da do Ocorre ás veces que, o contemporar ou lér a obra de un leteminado au-tor, xúsgase a súa sensibilidade, seu estilo, o seu "metier" traducido todo n'un feito estético que nos ademira; mais, coñecemos por casualidade o ar-tista e levamos un tremendo desenga-

no ao resultarnos un vaidoso, un in-formal, unha mala persoa. Voltamos a mirar a obra e, de pronto, n'un de-talle calquera sorprendemos a careta, esa careta baixo a que, aquel individo esconden a súa enfebleza moral. Hai obras, en tróque, en que un adeviña por mui debaixo, a presenza de "o Home (con maúscula), dón home bon e puro. Están son sin dúbidas as obras de Castelao.

Na nosa formación galeguista (casi todos éramos emigrados de longos anos n'esta magnífica "terra de to-dos", cada libro que chegaba era apaixonadamente comentado, máis ben, bebido, tal era a nosa sede de infor-mación n'aquela escola patriana que foi a "Pondal". N'ese mesto grupo, os que fai veinticinco anos éramos rapaces, estudabamos afervoadamente a Risco, a Villar Ponte, a Otero Pe-drayo, a Quintanilla, a Castelao, dis-tintindo pra poder asimilar mellor, aquelas verbas develadoras da nosa personalidade diferente. Saíamos do ca-fé (pois aínda non podíamos darnos o luxo de segredaría propia), carga-dos de emoción galega rumbo á Fede-ración da rúa Bolívar, lugar das nosas loitas máis enravexadas, núcleo máisimo de galegos, onde tiñamos que loitar con un internacionalismo faná-tico aínda que inxénno, tipo Francis-co Ferrer, mais, impermeable e absolu-tamente fechado fronte a aquela pe-quena, lucente verdade que brillaba acesa nas nosas maus.

Lembro que, n'aquelas discusións nas que a nosa inxénna audacia se permi-tía as veces criticar al algúns dos re-tores que na Terra elaboraban as con-siñas tácticas de loita, e cando a disputa chegaba ó máisimo, bastaba que algún amostrese un libro ou unha estampa de Castelao pra que a dispu-ta cesase de inmediato. I'ó que n'elas estaba o mellor da nosa Galiza: en aquelas breves xolias brillaba o orballo da nosa paisaxe; no idioma do mestre vagaba maina a nosa bris; cantaban os nosos páxaros, bruaba o noso mar...

Chegon logo a proba do lume; a proba dos homes máis homes na tre-menda fogueira alecrida polo feixis-mo. E, d'aquelles persoeros que nós seguíamos cegamente, caeron moitos érois civís; fallaron algúns infames, e entr'os grandes que, xa perdido to-do, puideron fuxir con peligro da propia vida, xurdiu axigantada no sanguento ourizante a personalidade esgrevia do noso grande persoero, co-mo deus brazos que se alzarán craman-do pola unión de toda a Galiza a d'aé a de acólá.

Aquel home, xenial alfareiro do no-so vivir, trocouse ante o imperio das circunstancias traxicas, no plasmador único da nosa alma; carnación autén-tica de Galiza (sempre en Galiza) donde quera que chegase, como aquel Juárez que levaba a México baixo do xapeu, dentro daquel coche que viaxa-ba sempre, sempre, agardando, agar-dando...

A miña ausencia de fai dez anos de Bós Aires, impideume coñecer persoal-mente ó mestre. No intre de algúns viaxes periódicos, non quixen por un pudor inexplicable vital no seu re-tiro, pois agardaba sempre a presenta-ción casual que, por desgracia nunca chegou. De tal modo, si ben estou en desventaxa aparente cos que tiveron a sorte de tratalo, pode decir que, en suma, nunca deixei de falar con Cas-telao pois, de tarde en tarde, cando a fame de Galiza se me fai máis aguda, cando doe a vella saudade, abro un libro do noso artista e calmo algo ese sufrimento sentíndome "sempre en Galiza"; como aquel mariñeiro da súa estampa inmortal: "Barquiña que vas en vela — leva panos e refaños — para a miña Manola."

Castelao non morreu; non, nin pode finir, pois os sonos son imortais e a súa vida foi un sono: Sono de arte, de xusticia, de liberdade.

A morte (derradeira escultora da facies de cada humano) ha de haberse quedado asombrada da nobre materia que tivo de modelar. A Pareia, persoaxe traxicómico de casi todas as suas farsas e estampas de cimiterios e es-queletes, con quen de cote bromeaba ao falar das cóxegas dos vermes; da ausencia de bandido que facía impos-ible o uso do castelán no alem por non poder falar con a "j", sendo por tal causa o galego o único idioma do-do no trasmundo. Ese persoaxe que corta o fio da nosa vida, sempre foi unha boa amiga do noso artista como a fora de outros grandes desapareci-dos: Greco; Goya; Valle Inclán; Gu-tiérrez Solana... O espírito do inmo-vente viaxeiro, esta agora vagando bretemoso polos vals, pol-as congros-tras, pol-os cons bravíos da Terra, e dei-tando en cada orella a verba de re-dención que há librarlos da escura

De ROXEL' O RODRIGUEZ DE BRETAÑA

DEICA LOGO IRMAN..

RESPONSO NA MORTE DE CASTELAO

Morreu ASTELAO... Tal semella que a sorte dos gale-gos estivera botada e perseguida por unha mala fada.

Dende Pardo de Cela ao criminal fusilamento de Boveda, semella que a nosa traxedia en perda de homes que puxeron toda a súa valia i-esforzo ao servizo da súa Terra é irreme-diabel.

Semella en fin, que os grandes homes de Galiza coma Faralao, Curros i-agora CASTELAO tiveran por sino morrer lonxe da Terra que tanto amaran e loubaran.

Valíame o Ceio Galiza... Qué mala fada te persigue...

Anxel Casai
Xohan Carballeira
Xosé e Manoel Castelao
Victor Casas
Alexandre Boveda
Díaz Valiño

O Arco da Vella — tinguíuse de mouro
nun ar infestado — de oubear de lobos.
Nos montes esgrevios — cal cirios inmensos
os piños se mecen — no colo dos ventos.

Os ríos galegos — que onte eran prata —
tinguiron de roxo — os combas de nácar.
Lameiros e poulas — as chairas e leiras
se anegan co sangue — que abrevan as feras.

Segade borreiros — gadañas en poda —
por mais que seguedes
no meio dos toxos — frorecen as rosas.

I-agora CASTELAO... Remata en Castelao unha páxina de gloria do Arte e Literatura Galegas. Morreu a materia. Eternizouse espiritualmente o símbolo.

Mais Irmans... No responso diante da campa de CASTE-LAO non hemos de espallar salaíos. Non é intre de choros. Facei un esforzo e afogando na carraxe as bagoas que en barbotons queiran choutar das concas dos vosos ollos, lembre-mos ao cósmico Pondal e coma il digamos:

Non cantes tan tristemente
probe e desolada nai;
non lle cantes cantos brandos
pra adorcecer ao rapaz.
Onde está a cova do sono
no céltico carballal...

Cántalle cantos ousados
que esforzado o peito fan.
Cántalle o que xa cantara
o nobre bardo Gundar:

A luz virá pra cada Iberia
dos fillos de Preogán.

Déspotas insensatos
forxá, forxade grillos;
pode oprimir o ferro
un corpo enfraquecido;
mais os nobres ideás
e groriosos instintos
Esos... non pode non, o duro ferro
nen a morte extinguiños.

IRMAN... HAI XUNTADA DO PARTIDO NO CEIO...
CASTELAO PARTEU NO VIAXE
Deica, logo Irman...

Enrique A. González

No decorrer do grande e tras-cedental aito que a Comisión Intersocietaria Galega celebrou no casal do Centro Ourenés en homaxe e lembranza de Cas-telao no primeiro aniversario da súa morte, houbo un home, En-rique A. González, sobor do cal pousou toda a responsabilidade da boa marcha e realización material do aito.

Coa súa capacidade d'orgaiza-ción e dinamismo a que nos ten acostumados, foi unha vegada máis o esperto director deste

aito que tanto briño había d'acadar.

Dando ordes precisas pol-o micrófono dende a súa cabina de comando; dispoño por un orde establecido as numerosas gardas d'honor que se turnaban cronoloxicamente, e cobrindo os espazos valeiros con escolleitos pensamentos de Castelao até ó intre en que abreu a xeira dos distintos oradores cos cuas se pechou o magnífico aito no cal, a colectividade galega de Bós Aires reafirmou a súa afervoadada adhesión a Castelao.

A nosa máis gasalleira felici-tación ao amigo e irmán Enri-que A. González pol-a súa doada labouira patriótica, como asi-mesmo, pol-a boa realización do busto de Castelao que presideu o aito.

Estraordinarias labours da nosa coeitividade nos ordes patriótico e cultural galegos

(Ven da páx. 3)

EDITORIAL "NÓS"

Pola felice iniciativa do noso benquerido e prestixioso irmán Don Manoel Puente e ca colaboración dos irmans D. Xosé Núñez Búa e D. Rodolfo Prada, ficou constituída, baixo do nome "NÓS", unha eduo-rial que se adicará exclusivamente a publicacións galegas de orde pa-triótico e cultural. A Editorial "NÓS" ten por finalidade servir á Galiza con absoluta exclusión de proveito económico pra os que a constituíren e dirixen. As utilidades que poidan rendir as edicións, se-rán adicadas integramente pra os autores das mesmas e pra edi-tar novas obras galegas. Honorará así a groriosa tradición que xa ten o nome "NÓS" nos avatares da cultura galega; a prestixiosa re-vis-ta "NÓS" fundada en Ourense o que tantísimo infiriu no ergumea-to da nosa cultura, e a "Editorial Nós" do afervoado patriota Anxel Casal, mártir do galeguismo, que tan relevantes servizos prestou o libro galego.

A Editorial "Nós" iniciouse con outa xerarquia, ofrecendo, en luxu-sa e diminuta edición, a grandeira obra póstuma de Castelao "As Tru-cas de Pedra na Galiza". Seguirá a isa, un Album de Estampas de Castelao que conterá todos os dibu-xos dos esgotados álbums "Nós", "Galicia Mártir", "Atila en Galiza" e "Miliolanos", e tamén os catro maravilhosos dibuxos de cegos que foi, prácticamente, a derradeira la-bouira artística do inesquecibel Cas-telao. No programa da Editorial "Nós" está o publicar as obras completas de ise nosos grorioso Guileiro.

PATRONATO DA CULTURA

GALEGA

Pechamos ista relación con un acontecemento que se deu recente-

mente en Bós Aires e que pol-a súa importancia e transcendencia, terá de locir na historia da cultura ga-lega. Referímonos a creazón do Pa-tronato da Cultura Galega, tamén por manífeca iniciativa do esgrevio irmán Manoel Puente, quen lle aze-gurou, —con xenerosidad patriótica até hoxe non rexistrada nas coeiti-vidades galegas d'América,— a forte base económica de Un Millón de pesetas, namentras se xestiona-dotar ao organismo de personalidade xurídica que lle asegure seu debido desenvolto e súa firme continuidade.

Baixo a inspirazón do noso gran Castelao, concibiu Don Manoel Puente a creazón e ampliande do Patronato da Cultura Galega e a tan grandeira ideia ista adicando, con afervoadamento, toda súa em-o-zón patriótica galega, constituíndo un luminoso exemplo dino da imi-tanza de tantos e tantos fillos de Galiza que con admirabéis sagri-fizos, tésoneira vountade e traba-llando arreo, conqueriron folgada posizón económica n'estas xenero-sas terras americanas. ¡Qué millor romate das suas nobres vidas de "pioners", que brindarlle garlmosa-mente a nai Galiza uns anacos das suas fortunas! Sería elo a máis fonda ledicia das suas ialmes en máis honrosa orgulleza que poderán sentir e ostentar os seus fillos.

A primeira aición do Patronato da Cultura Galega manifestase na moimental Historia de Galiza, que xa ista faguéndose por un núcleo de esgrevios vaores inteláituaes da nosa Terra baixo a competentísima dirección do escarecido polígrafo ilustre profesor da Universidade de Compostela Don Ramón Otero Pe-drayo. A dita obra que se escribe e se editará en galego constituirá, sen dúbida, unha das máis importantes que se teñan feito na península n-istes tempos.

Irmans de Montevideo



O señor M. García Calvo, delegado da Casa de Galicia de Montevideo pronunciando seu afervoadado dis-curso no funeral cívico en home-naxe a Castelao

OS HOMENAXES POR CASTELAO DO CONSELLO DE GALIZA

Na primeira xuntanza que celebrou o Consello de Galiza após do pasamento do seu esgrevio presidente D. Alfonso R. mensaxe do deputado e membro do Consello de Galiza D. Alfredo Somoza residente en Montevideo. Logo o Presidente da Co-



A praca adicada ao Dr. Miguel F. Pastor

Castelao, tomou, amais dos acordos que se sinalan na Declaración publicada no número extraordinario d-A NOSA TERRA, os seguintes: adicar ao Centro Orensano de Buenos Aires unha reprodución en bronce do vaciado da man direita de Castelao que fora feito polo escultor galego D. Domingo Maza, coma testemuña de recoñecemento da eficacia e afervorada colaboración que ise prestioso Centro prestou patriótica-mente ao seu ilustre presidente namentras istivo eisilado en Bós Aires; facer entrega en custodia ao mesmo dito Centro Orensano da mascarilla de Castelao igualmente outida polo escultor Maza até que as circunstancias sexan doadas pra levala a Galiza con destino o Museo onde se axunte as reliquias obras e recordos de tan grorioso patriota galego; adicar a os distintos e beneméritos médicos Prof. Gumersindo Sánchez Guisande e Dr. Miguel F. Pastor sendas pracas artísticas coma proba de agradecemento pola competente, intensa e abnegada atención profesional que lle prestaron a Castelao na súa longa e cruel enfermidade.

misión de Facenda do dito Consello, D. Manoel Puente con elocuentes verbas fixo entrega ao Dr. Miguel F. Pastor da praca adicada polo Consello de Galiza.



O irmán Manoel Puente, facendo entrega da praca ao Dr. Pastor za, fermosa obra artística debida ao escultor galego D. Anxel Alén. O Dr. Pastor, a nome propio e do Dr. Sánchez Guisande.



O segredario do Consello de Galiza, irmán Antón Alonso Ríos, ofrecendo a máscara de Castelao ao presidente do Centro Orensano, D. Antón R. Rodríguez.

Taes acordos tiveron seu debido cumprimento na noite de 20 d-outono derradeiro, nun aito de outa categoría que se realizou nos salons do Centro Orensano de Bós Aires, o cal asistiron representacións das principais entidades galegas, dos republicáns hespañoles, e dos patriotas vascos e cataláns.

Abriu o aito D. Rodolfo Prada espicando seu ouxeto e dando conta das adhesións recibidas entre as que leu un belido

sande que istaba ausente, espresou con elocuentes e afervorados conceutos a satisfacción con que recibía ise recordo.

A seguido o Segredario do Consello de Galiza, deputado Antón Alonso Ríos, entregou ao Presidente do Centro Orensano D. Antón R. Rodríguez o vaciado da man direita ea mascarilla de Castelao, pronunciando conceutuoso discurso pondo de releve os extraordinarios méritos conquistados polo Cen-

Na Morte de Castelao

(Esp. pra A NOSA TERRA)

Fois-o arquetipo esgrevio da raza nobre e forte, que con bronceado acento cantou o gran Pondal; voiou cara ás outuras, bulrándose da morte, trocado en astro fúlxido do espazo sideral.

A voz do gran guieiro pra sempre enmudecio, mais, viven os seus feitos, que han de falar

[por él; a luz do eixelso esprito no eterno s-afund'o pintando nos vieiros mañífico ronsel!

A terrenal materia perdeu sua quentura, despois de crueles horas pagadas ao delor i-o frio das estautas entrouse na envoltura da mais pristina ialma que fixo o Creador.

¡Caíen o esgrevio artista cúa sin par grandeza foi ofrecerll-o povo seu inqueridor xenal; os mestres i-ós rapaces gustaban da beleza bebendo as celtas linfas da fonte excecional!

Tivo alma franciscana, viveu homildemente; podendo ter fortuna, somentes quixo ser da sua terra escrava un paladín valente, sin ver canto gañaba nin canto iba perder.

Descépolo d'Hipócrates, deixou a medicina para vorcar nas artes o inquedo corazón no que o sufrir da patria foi magoante espiña, mais él trocou seus dores en fonte d-emoción.

Deus-enteiro a Galiza, con alma xenerosa, sin ambiós mezuññas, decote puro e fiel; e fixo seu camiño por senda delorosa que multos emprenderon, felices, detrás d-él...

Espallaba decote sua verba emocionada; él era un humanista que amaba a libértá non era dos qu-esquirben e nunca nos din nada; ¡anque s-afunda en xuro i-esterco a humanidá!

Teceu as suas obras collend-os persoaxes do povo verdadeiro, con alma e corazón; nas vilas i-ás aldeias, en festas e romaxes por eso n-eles pula con azos a emoción...

Cando, n-aquel agosto do trint-e seis maldito, xurdío dos infernos o mostro ferro'án, brotaron do seu lápiz e do papel escrito os berros de xusticia, que nunca morrerán!

As "Estampas Galegas" i-"Atila na Galiza" mentres a patria eixista, terán elas de ser acusación sangrante no nome da xustiza contr-ós caíns prevésos que, ó fin, han de caer.

(Na maxia dos seus ollos a luz vaise apagando, xa cas non traballan o lápiz io pincel; ¡despois, un mal tremendo seu peito vai rilando, "coma se fora un corvo" —según decía él—!...)

Fois-o arquetipo esgrevio da raza nobre e forte que con bronceado acento cantou o gran Pondal; voiou cara as outuras, bulrándose da morte, trocado en astro fúlxido do espazo sideral.

Por tan esgrevio fillo salouca a patria escrava dend-os mais áspros montes ó cabo fiesterrán; entoa tristes salmos o mar da costa brava i-as fontes i-os pinales en que'xas se desfan.

Xa acouga Castelao no triste cadaleito con terra da Galiza, das carnes a carón; ¡quizais a rosa roxa pulase no seu peito ao maternal contaio, con lírica emoción!

Mais, sesgáball-os beizos un ritus de amargura pol-a terra aldraxada que arrastra seu delor; mártir terra atogada nos mares da tristura, qu-él quixo redimida por fraternal amor.

Xervasio Paz Lestón.

Bós. Aires.

Ante o Centeario de Curros

Neste ano cúmprense o centeario do nacemento de Curros Enríquez, e a coledividade galega de Bós Aires apréstase pra celebrar esa data co esplendor, amplitude e reverencia a que o inspirado e baril autor de "Aíriños da miña Terra" é acreedor.

As entidades representativas da nosa coledividade xa fixeron público o seu propósito de honrar ao noso gran poeta, pondo ao servizo desa tarefa enaltecedora o mellor dos seus entusiasmos e capacidades. Coñecido como é o emocionado agarime que os galegos, e moi particularmente os emigrados, sintén por Curros, o poeta que por interpretar tan cumpridamente as anxeiras e inquedanzas do noso povo e darlles eispresión en versos inmorredoiros tivo que espatriarse e morrer lonxe da terra tan querida, non dubidamos que a celebración do centeario do seu nacemento ha de contar coa afervorada adhesión da casi totalidade dos galegos residentes na Arxentina. E decimos "casi", porque agardamos, e desexamos, que os minúsculos grupiños de faiciosos non lichen coas suas babas hipócritas o nome grorioso de Curros.

No prúsimo número, que aparecerá no curso do mes vindeiro, ocuparémonos amplamente da vida e obra do insigne barde ourensán.

tro Orensano ca sua labouira patriótica ea sua afervorada colaboración prestada a Castelao. Contestou o señor Antón R. Rodríguez con verbas acuguladas

Un Parvo...

A guerra civil hespañola fíxose cun fito: aprastar a crase obreira e campesina e as súas milloras sociaes conquerdas coa República, esfameadas e humilladas secularmente, e destruír os vigorosos movementos nazonaes de Cataluña, Euzkadi e Galiza.

Co trunfo do feixismo, inízoouse na península, unha fame negra, totalitaria; esa cras de fame que logo se trasmitte de pais a fillos co microbio da tuberculosis.

No que respeta aos movementos nazonaes, o falanxismo procedeu co mesmo senso criminal: fusilamentos, cademas e persecucións a oito dos patriotas, e peche dos centros de cultura nazonaes.

En Galiza, a cuasi quince anos do "grorioso movemento", o falanxismo segue perseguindo con ensañamento toda manifestación da cultura galega. E persíguena con ferocidade de cans adoeidos, porque se ven impotentes diante dun feito nazonal, que eles, sábennos ben, non-o podrán destruír; que é o esprito inmorrente dun povo, chantado no seu cerne, no longo percorrer dos séculos, dende que Galiza eisiste.

En todolos tempos, dende que Galiza é serva de Castela, a lingoa e a condición dos galegos foi aldraxada e alcumada. A inxuria comeza na escola e fina nas máis outas esferas oficias, dentro e fora do país galego, e todo elo, porque o esprito da nosa raza é insobornabel ao imperio castelán.

Os hespañoles decátanse perfectamente de que endexa máis deixaremos de ser galegos, e nelo nasce ese odio mariquí que decote lles fai perder a liña, convertíndose nun lamentabel e noxento complexo.

Pol-os xornaes chegados de Galiza, enterámonos que no "Faro de Vigo", un mal suxeito chamado José Ruibal, escribiu que o idioma galego é un lingoa de criados (!?)..

Certamente, diante tal ofensa inferida a un povo tan diño e nobre como o que máis, por un cretino irresponsabel manexado polo odio impotente e criminal dos da "España una y grande", coidamos que non compren razóns e sí, malas palabras que non podemos chantalas eiquí, por unha elemental razón de boa crianza.

de sentimento galeguista e de admirazón e agarimo polo esgrevio Castelao.

O aito istivo fermosamente complementado por duas notas que produxeron fonda emozón nos asistentes, a saber: a voce viva de Castelao escoitada nun disco que fixo pasar o irmán

Fernando Iglesias felice propietario do mesmo; ¡esceas de Castelao no seu leito de enfermo recollidas n-unha película cinematográfica tomada polo "amateur" D. Antón García, distinto socio do Centro Orensano, que constituíe un valioso documento pra galeguedade.

A Galiza de Bós Aires Rende Homaxe ao seu Inmorrrente Guieiro

O primeiro aniversario da morte do meirande guieiro galego, foi lembrado dun xeito estraordinario pol-a colexividade de galega de Bós Aires en pleo, delegacións vasca e catalana, periodismo arxentino, galego i hespañol e unha estraordinaria concurrencia de xente galega que acodiou emocionada a renderlle homaxe a Castela, ao gran Castela, ao maravilloso artista que como ningún soupo expresar co seu lapis as mágoas e a traxedia do seu povo escravizado; ao literato e pensador que co seu estraordinario talento tanto traballou por definir i elevar o nosa cultura; ao home íntegro, o home galego dunha soa peza, profundamente humano e altruista; ao político, ao guieiro dun ideal patriótico que levaba cantado no seu espírito, a nobre e grande idea dunha Galiza ceibe, rica e progresista, onde o home galego poida vivir ceibe e feliz sin ter que pasar polo calvario da emigración; nobre ideal pol-o cal loitou afuzadamente sen xamais craudicar nin un só intre, nas súas conviccións de galeguista e democrata, este grande de galego, o meirande de todos os tempos, que a un ano da súa morte os galegos de todo o mundo réndelle afervoados homaxe á súa lembranza.

Tres grandes i estraordinarios aitos, pol-a súa brillantez e afervoados patriotismo se realizaron en Bós Aires, lembrando o primeiro aniversario da morte do insigne galego que o 7 de xaneiro do ano 1950 pasou á inmortalidade.

Iles foron lorgaizados polo Centro Betanzos, o Centro Gallego de Buenos Aires e a Comisión Intersocietaria Gallega, dos cales facemos crónica a seguinte no mesmo orde en que se levaron a cabo.

Inaugurouse no Centro Betanzos un busto de Castela

Dos homenaxes que foron feitos a Castela co gallo do primeiro aniversario da súa morte, merese sinalarse coma especial o que tivo lugar na sede social do Centro Betanzos na noite do 6 de xaneiro, aito

A serán deu comenzo co noso sagro Hino Galego cantado polo coro "Os Rumorosos" do Centro Betanzos. A seguido foron as verbas e o descubrimento do busto de Castela pol-o presidente da dita entidade irmán Antón Suárez do Pazo. As espresivas verbas de Suárez do Pazo, as ofrecemos en logar aparte.

De novo aitúa o coro "Os Rumorosos" baixo a dirección do mestre Carlos López García e interpreta a "Negra Sombra" que transmite fonda emoción a os ouvintes.

Unhas rapazas da Sociedade P. U. de Rianxo, locindo roupa galega, fan unha ofrenda floral ó busto de Castela, o

Aitos de Honda Emoción Patriótica nas Principaes Entidades da Nosa Coleitividade: Dias 6 e 7 de Xaneiro de 1951

conceitos tributo de admiración e solidariedade a Castela o nome das sociedades betanceiras de Bós Aires.

Ocupou logo a tribúa o presidente da nosa Irmandade Galega, irmán Rodolfo Prada, cuio discurso insertamos aparte neste número.

Verbas do irmán Alonso Ríos

O importante aito foi pechado brillantemente pol-o Segretario do Consello de Galiza, diputado Antón Alonso Ríos, con elocuentes verbas loubatorias pra o Centro Betanzos quesi

emotivo aito no Panteón Social do Cimiterio da Chacarita onde repousan os restos de Castela.

O aito consistiu nunha ofrenda floral, acadando unha grande solemnidade ao dar comenzo o Himno Galego, cantado, pol-o coro "Os Rumorosos".

A seguido, o presidente da institución Sr. Xavier Vázquez Iglesias, pronunciou unhas espresivas i emocionadas verbas, cuio texto trascribimos parcialmente:


"Primeiro en Nova York, lgo en Cuba e derradeiramente en Bós Aires e Montevideo, Castela non deixou de decir, do decurso, calquera verdade cando ela que máis lle a boca. El non esperou orde máis pra de ir a súa verdade, a preparación do ambiente, ou a millor ocasión, ou o intre axeitado, cando supuña que dela porían xurdir bens para Galiza".

"Cando morren Castela, pares, cen que os galegos de Bós Aires boubémosse perdido a alma e siñou ben marchado da outra beira do Atlántico a paisaxe de Galiza. Tal foi a nosa dor e a dor de todos os galegos d'América, e o ano 1950, que fínda de pasar, foi para os emigrados un ano íntegro d'homaxes a Castela, de publicacións encol da súa vida, e a súa obra, d'aíto de lembranza i exaltación e participación con noso, xentes aileas a Galiza que admiraban nel o seu xenio poderoso.

"O Centro Galego de Bós Aires, que teño o honor de presidir, ocupou un primeiro lugar nestes aitos, e comenza o ano 1951 conmemorando este primeiro aniversario, eiqui no panteón social da nosa entidade, onde provisionalmente repousan os seus restos, denantes do que pra sempre, para a eternidade, sexan levados a acougar ao convento de Santo Domingo de Compostela, acaron das tombas de Rosalia e Braxas".

"O Centro Galego ergueu a Castela en Bós Aires, denantes d'inaugurarse a súa estatua de bronce, como decida a súa Xunta Directiva, un momento de fervor. El levon, como houbese querido o noso hardi Fondat, na testa radiante cal ferro lóstrego gravado e subrimo o selo dos grandes."

Ao findar o señor Xavier Vázquez Iglesias o seu afervoados discurso, fixo uso da verba, o fino escritor e poeta ourensán Xavier Bóveda, quen falou en nome da Comisión de Cultura



Busto de Castela. Lle fai garda a xá histórica bandeira galega do Consello de Galiza. Marea de ofrendas florais e pé do túmulo

do Centro Galego. Foi un breve i elocuente discurso ategado de fonda emoción pol-a lembranza do grande guieiro desaparecido.

Logo dos discursos, o presidente señor Xavier Vázquez Iglesias e o vice presidente señor Ricardo Badia, depositaron a manifiesta ofrenda floral do Centro Galego, acaron do sargento que garda o corpo embalsamado do noso glorioso Castela.

O grande homaxe orgaizado pol-a C. Intersocietaria Galega

A Comisión Intersocietaria Galega, deu comenzo á xeira d'aíto a realizarse o domingo 7 de xaneiro, en lembranza do primeiro aniversario da morte de Castela, colocando un feixe de frores na campa onde repousan os restos de Castela, no Panteón do Centro Galego de

Bós Aires. As des da mañán, os compoentes da Comisión logo de dar cabo á ofrenda floral, mantivéronse uns intres en garda d'honor diante da sagra campa que acocia o corpo de Castela, na espera do venturoso día que os seus restos poidan tornar á Patria galega e acougar pra sempre no terra que el tanto amou.

Logo de realizada a cirimonia da ofrenda floral no Panteón do Centro Galego, os compoentes da Comisión Intersocietaria Galega, dirixíronse ao fogar onde el morou, a levar o seu afervoados saúdo e a plea solidariedade, na súa fonda dor, á sofrínte viuda Doña Virxinia Pereira de Castela.

O Funeral Cívico

No casal do Centro Ourensán, na rúa Belgrano 2176 desta capital, realizouse o grande aito



A Comisión Intersocietaria Galega, Seu presidente, Don Cándido Rey, abre o aito con afervoadas verbas

No vértice que forman as dúas bandas do salón principal, aparecía sobor d'outo pedestal, tendo como fondo, negros cortinaxes, o busto de Castela —obra de Enrique A. González— materialmente encheito d'ofrendas florais das entidades galegas e de particulares i antre elas compre facer mención, pol-o seu simbolismo, a do Consello de Galiza: ramallos de carballo, de toxos e de piñeiro.

Na súa da presidencia da entidade orgaizouse unha manifiesta mostra de traballos de Castela. Ademais das cincuenta estampas do álbum "Nós", que teñen permanenza na casa, desque o ilustre autor as donou ao Centro Ourensán, foínos doado ollar, fermosas acuarelas e dibuxos, ademais dos catro fermosos cadros de cegos que el chamaba "meus compañeiros". os cuas, por vez primeira foron expostos ao público.

Tamén locían nas paredes, as máscaras dos catro vellos da súa fermosa obra teatral "Os vellos non deben namorarse".

Nunha vitrina, esibíanse todos os seus libros e albums de dibuxos destacándose a súa grande obra "AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA" obra póstuma do xenial galego.

O xentío que decote desfiou ao longo do día e da noite, admirou a estraordinaria obra do ilustre artista e patriota, que tanto traballou e loitou pra o

engrandecimento da cultura e da liberdade da patria galega. Ao fío das once da mañán do domingo 7 de xaneiro, estando o salón acugulado de público, deu comenzo co Himno Galego o grande aito que tería d'alongarse até as doce da noite.

Os compoentes da Comisión Intersocietaria Galega, formaron semicirculo diante do túmulo coroado co busto de Castela, e o presidente señor Cándido Rey, pronunciou un afervoados e patriótico discurso cuio texto publicamos en lugar aparte. Ucha vegada finado o discurso do señor Cándido Rey, deixáronse ouvir as solemnes e graves notas dunha marcha fúnebre

A seguido, os outavoces instalados no salón e nos pasillos, espallaron axeitados i emotivos conceptos ditos dende a cabina de transmisión pol-o señor Enrique A. González co gallo de daren comenzo as gardas d'honor que fan a montar os compoentes das xuntas Directivas das Sociedades Galegas, sucedéndose en turnos de dez minutos até as dez da noite, intre en que se deu comenzo a velada necrolóxica coa que se pechou o aito.

Comenzo dos discursos Co salón acugulado de xente nun ambiente de fonda emoción, Enrique A. González diz unhas axeitadas verbas iniciais e logo fala o primeiro dos oradores designados; o señor M. García Calvo, persoeiro da Casa de Galicia de Montevideo, a máis importante entidade do Uruguai, que nun afervoados discurso transmitiu dese país i eisaltou a figura i a labouira xigantesca de Castela afrol da cultura e a liberdade da patria galega.

Escoitouse logo a voz da gran Cataluña interpretada doadamente pol-o presidente do Casal de Cataluña, señor X. Agrás, cuio discurso trascribimos en lugar aparte nestas páxinas, segundolle no uso da verba, a voce milenaria e rexa d'Euzkadi espresada por un outo valor intelectual vasco, o doutor Santiago Cunchillos, cuios conceptos tamén trascribimos noutra loira.

Deseguido, escoitáronse as verbas encheitas de beleza literaria e de fonda conceitual do señor Edoardo Blanco Amor, ditas no nome da colexividade galega, por designación da Comisión Intersocietaria Galega, orgaizadora do aito. Igoalmente ofrecemos nesta edición, o texto íntegro deste fermoso discurso; e pol-o derradeiro, pondo peche de xerarquía d'acordo á grandeza do aito, o segretario do Consello de Galiza, diputado galego Antón Alonso Ríos, pronunciou un breve, máis fermoso discurso d'eisaltación, en lembranza do ilustre guieiro das

As gardas d'honor A primeira compreuille facela a Irmandade Galega, por sere a entidade adicada específica i escrusivamente a espallar o ideario patriótico-social do que era guieiro o ilustre Castela; e a derradeira levouna a cabo o Consello de Galiza que el fundara e do cal foi o seu primeiro presidente. Dese xeito, o desfie das gardas d'honor das entidades galegas, Catalana e Vasca comenzo e findou nos dous orgaismos nos que Castela tivo actuación máis integral e directa d'acordo a índole da súa finalidade, sen perxuízo de que o seu amplo espírito e o seu fondo afeito, estivesen decote tamén coas demais entidades galegas que tanto labouran e honoran a Galiza.

Constante desfie de xente En pleo desenrolo este manifiesto aito, énos imposible facer chegar ao lector, a fonda i emocionada impresión que acugulaba o ánimo dos observadores;

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz

reivindicacións nazonaes da Galiza, dándose por findado este magno aito d'homaxe a Castela que tanta repercusión tivo no seo da nosa colexividade, en América i en Galiz



Mozos vascos facendo garda a nome d'Euzkadi, qué morte morreu a nosa prenda? Fixo dispois uso da verba o sinor Manoel Vaamonde, presidente da Asociación Oza dos Ríos, pra rendir con elocuentes

Edición do discurso "Alba de Gloria"

Como homaxe a Castela, a devandita entidade, fixo unha luxosa edición do manifiesto discurso que Castela pronunciou no grande aito que o Centro Galego celebrou no Teatro Arxentino desta cidade, conmemorando o Día de Galiza do ano 1948, dándose a circunstancia de que a devandita peza oratoria, foi a derradeira que pronunciou o insigne galego desaparecido.

Aito no Panteón O domingo 7, ás 10 da mañán, o Centro Galego, realizou un

Discurso de Eduardo Blanco Amor

Cando se fala d'un home de ben, por mais xigantesca que sexa a súa figura, poucas verbas son suficientes pra enmarcalo; e si cadra iste colosalismo do persoal defínese en razón inversa da cantidade de palabras que fagan falla pra facer da súa alusión cousa facilmente reconecible. Trátase de homes de esenciais que son sempre poucas e nidias.

Claro está que as veces iste ser home de ben acada outuras xenias, porque se pode ser xenio do corazón tanto como da intelixencia. Entón estase en presenza d'alguén que viviu adicado a os demais — a bondade nunca é pasiva — e que foi deixando trala súa asistencia un ronsel de eficacia e de abnegación tan senlleiros que conquereu, sin pedilo, universal acatamento dos outros homes de ben i-hasta o mudo respecto dos adeversarios. Pro tamén un home así é tan fácil de definir que cabe n'unha sola verba; trátase d'un santo.

Todo iso xa o dixemos de noso Castelao. Non é cousa de repetilo, non-somentes porque cada un de nos teno dito, unha i-outra vegada, no fondo do seu corazón, senón porque as escelenzas repetidas, en simple enunciação, van a dare no rezo. I-os rezos indiscriminados non son tanto a causa da santidad como do mito. Toda santidad supón un proceso de beatificación que é tanto como afirmativo, analítico. Denantes de que Castelao ingrese na oración temos aínda que disfrutalo en términos da razón. E unha maneira como outra calquera de que se nos mantenga humanamente vivo. E aínda durante moitos anos percisámo-lo así: vivo, humano, razoable.

D'iste xeito entendo en as palabras que han de decirse n'iste primeiro aínda durante moitos anos, aniversario do seu pasamento; así interpreto o encárrago honorífico que me confiou a Comisión Intersocietaria que organiza, co-a súa habitual concencia vixilante e seu fondo fervor galego, iste homaxe de todos nós a memoria do único entre todos nós. E go-rénrante moito que sexan ditas n'iste Centro Ourenseño, n'ista casa n'ista casa miña, labarada viva de galeguidade, que il tito amou.

E perciso rescatar a Castelao, que morreu entre nós, espiritualmente en brazos de todos nós, da cruel anécdota da súa morte. E perciso lavalo dos xestos da súa dura agonía, non ouvir seus afogados, seus barilos laídos; non ver os seus ollos buscando o cent último virando xa sobre o eixo da morte; non sentir o relaxamento das súas mans, benditas desque nasceron, enfrándose entre as nosas escoándose de si, desangrándose da vida...

Iste é o pasado. Iste son os habituales elementos sobornantes da sentimentalidade que percisan, pra non morrer de todo, aqueles que na vida non fixeron mais que vivir, e cuia única fazaña foi quizaves, o door da súa morte. Castelao non precisa d'iste emotividade comisariatoria; estórballe i-estórballe. Temos que endurecer o corazón por moito que nos doia. A morte do heroi, e aínda a dura morte, e un dos elementos da súa vida. Iste rescatar pra eternización d'un paradigma dinámico non é tanto cousa das bagas, que son de natureza secadiza, senón das razóns, que cando o son de verdade, duran tanto como os seixos.

Iste rigor do seu rescate executivo non eiseluie ningún amor, senón que o castiga e depura mediante o xuício. Trátase d'aquél amor Dei intelectua-lis de que falaba Spinoza: a santidad non se ademais e amada senón tamén conecida. Isto temos que facer con Castelao pra que se realice na súa trasvida a través de nós (o exemplo é a forma inmortal da santidad) tanto como se realizou no senso heroico da súa vida. Si a súa misión a de sere de guieiro, hai que sacalo do encantamento emotivo pra proietalo na lucidez d'unha ética propagable i en certo modo obligatoria. A admiración por Castelao e a door da súa morte non poden quedare nun nifrar d'efemérides. ¡Hai que pedir un posto na grande cruz valcira e votala ao lombo! Isas son as bagas que nos pide. Hai que ler con ollo asinado e vountade pronta, as liñas lentre liñas do testamento que deixou escrito ou dibuxado nos papeis ou do que quedou tremando e sin finir no oco do ar que o contivo.

Si: n'iste aniversario temos que pensar no compromiso que a súa vida nos impón. Repasémola con enxota brevedade. Veleiqui apreixados n'un esquema os elementos en que callou a súa personalidade: Sentido fondo drástico i-enxético das súas obrigas Terra Nai e intuición aceptada co destino heroico en relación co-la; empatía anímica bra ansorbera os

contidos humans da súa raza e pra irradiar a súa propia intimidade, en xesto apostólico, até os demais: xenialidade artística innata e artesanía en incansabel perfeición, non pra usalos en degoiros e cobizas persoales senon pra poñelas, incondicional e xenerosamente, ao servizo da súa patria: concimentos eruditos oportunos e vitalizados pol-a finalidá, e toda cras de medios intelectuales i-estéticos pra incidir pol-as vías mais sinxelas i-eficientes na emoción e no xuício dos seus e dos alleos. Deulle un senso racial as nosas artes plásticas, incluso a tipografía; levou a cabo o verdadeiro miragre de crear unha prosa culta sin deixar de sere popular, o que fai d'il un clásico en vida: fixo materia inte-



leituaj consenté e doulle universal validez ao conxénito humorismo galego, conservado na carateroloxía do pobo mais que nos testemuños estéticos, a través de séculos de sufrimento e quizaves salvándose n'il; esculou, coma ningún foi quén pra facelo dende a ciencia académica ou profesional no noso pasado arqueolóxico a través da aparente homilidade temática dos cruces rurais; deixou creadas as posibilidades d'un teatro galego estilizando con verdadeiro xenio, as fontes folclóricas e chegando a sínteses antes d'il inesistentes. E finalmente enviou encol da política, non como un político profesional senón como un estadista vocacional, co-a caridade, co-a sinxeleza e co profetismo coasi tautatúrxico de quen ve á súa Patria non dende as presenzas fugaces senón dende as esenzas eternas.

Como Castelao é galego e non hespañol —no sentido mostrenco de non sere de ninguere— todo iste integral saber servíulle non pra englobar á súa raza n'unha visión totalista de símbolos i-astuacions de tipo dogmático, veñan ou non a conto con tal que enchán as verbas, sino pra poñer ao seu pobo intuitivamente fronte ao fadallal, esprazando do seu sino. Castelao fíxole ver Galiza aos galegos e deixounos na terribel obriga de tere que escoller. Dempoís d'il ningún poderá aducir iflorancia, senón mostrar mala fe.

E todo isto fíxoo sorrindo e chorando; e decir vivíndoo. Porque o seu tipo moral non é dogmático senón lírico, e foi per ista raíz por donde prendeu na entrana de seu pobo. A carón da súa realidade, na que o door predomina, prodúcese n'il, empíricamente o sufridor ilusionado no propio ensino dos feitos, das cousas, das "cousas da vida", que elabora pra os demais, entre brado e sorriso, sin deixarse levar ao escepticismo, tan propio de humor, porque a fonte da súa crítica non foi tanto intelectual ou dialéctica, senón terra i-amorosa, i-ademais de confianza lonxeña no espertar da concencia colectiva, na volta a si do seu pobo. O enxergo dramático das cousas non imprica en Castelao a ademisión da súa final irremediabilidade. Por eso seu humor non é negativista senón afirmativo ategado de fe o de optimismo. Non se trata de chorar polo irremediavelmente morto, senón de berrarle aos vivos, i en certo modo tamén aos mortos, pra que desparten.

E cando as cousas da vida se sitúan n'unha perspetiva sin ámbito, cando os camiños da teleoloxía confianza parecen esborroados ou murados e as cousas que somellaban tere remedio non-o tiveron, non-o terán endemais, d'aquela o equilibrio entre brado e sorriso rómpeuse i o sufridor celi, base na súa dimensión traxica. Eis as estampas de guerra. Pro aínda n'elas non deixa de funcionar a constante espirital de toda a obra de Castelao: a través de traxedia, en toda a súa sangüenta realidade, en toda a súa

ternura persoalizado plásticamente n'unha tipoloxía non simbólica de

"oigo Patria tu aflicción y escucho el triste concierto".

senón entrañabel. O que nas estampas sofre e morre, non é a "Patria", nin o "Estado" nin as "Ideas". Son os homes, as mulleres e os nenos; son os mestres, os campesiños e o mariñeiros. E ademais a traxedia tampouco se insume en si mesma, non senso fatal, sin loita posibel, da Moira clásica, que imprica a ademisión d'un destino merecido: senón que preconiza unha leición inerstada no futuro pra que as cousas da vida, negadoras da vida, non poidan repetirse. "Non enterramos homes, enterramos semente".

Velei tede o esquema coasi xeométrico da personalidade de Castelao. Non hai que despistarse pensando que morreu un home e que nos queda a súa obra. Hai que pensar que nos queda a súa vida como unha incitación perpetua. O valor de Castelao como exemplo humano, o qu'il foi, é, pra certo orde de cousas, tan significativo como o que fixo. Porque Castelao non se realiza somentes na súa obra, nin xiqueta na dimensión artística do seu temperamento, senón na totalidade de home en relación co-a súa Terra. Galiza viviu infiltrada n'il c'unha sorte de Gracia teoloxal; tiña moito de benaventurado que traducia ista esencialidade do sentimento da Terra mediante unha especie de éxtasis ativos cula discriminación no ser da obra era o de menos, porque a sustancia ficaba decote a mesma. A Nosa Terra integrábase n'il configurando un dos mais puros testemuños da nosa caste tanto no seu produciéndose ético como nos seus produtos estéticos. A perfeición formal da súa obra venlle, asimade, de sentire, co-a honorabilidade máisima, a súa tarefa de creador e de escarrecador, vencellada a un intre civil da súa patria que il sentiu como decisivo. O nacionalismo non era pra il unha simplificación senón un tremendo compromiso de sere mellor, unha existente vía de autoperfeición. O depurare i Galiza depurábase na súa obra: a fórmula pra lográse a universalidade do galego non e outra. Era home de intuición xenial por endemais confiado ao azar dos improvisos. Endebén d'isa lume interior il veñía o que o coñecemento sistemático non dá, o certo é que viviu toda a súa vida perfeicionando os meios elispreivos co mais rexo orde mental. O feito de que non moubese tido mestres nas súas disciplinas mais escarrecadas, non quer decir que il fose doado aforar o aspro maxisterio de si mesmo, mais angurioso, mais implacabel e mais duro de roer, como nós sabemos.

Iste sino aluciñado fixo da súa vida unha fogueira —luz e calor— que sin trégoas arde até os derradeiros istantes. Suas verbas dos últimos tempos eran como pingas de resina madura nas que destilábase o maxisterio incalculabel d'unha vida chea de traballo, de servizo, de ilusión, de finura, e, no fondo coasi sempre de superado door, pro de door ao fin. Eran verbas unidas de tremante emoción misional, mais emotivas por menos solennes, por mais humans e sinxelas.

O mesmo que n'aquel memorable dibuxo do album "NOS", xa vedes como na eistensión e na calidade d'ista vida, nos seus matices, na súa forma moral, hai tamén "lugar para todos", pro traballo de todos, pra imitación proseguinte de todos. Isto é o que quería deciros, o que había que decir, n'iste primeiro aniversario do seu pasamento.

Hai que encher iste valeiro que a súa morte nos deixou, non agardando a aparición d'outras personalidades senlleiras, que son obra do destino ou de Dios, senón, pol-p pronto, co-a xuntanza de todos nós loitando a prol das ideas e dos ensenos que encheron ista vida, dende todol-os campos da nosa acción, continuando, en m e a valente moitadume, a súa máxica singularidade até donde isto sexa posibel. O qu'il fixo en sumando esgreivo e único, temol-o nós que seguir en modesta suma infinda. A súa vida i-a súa obra son liñas d'unha mesma orde, que pra nós ten que sere orde do día de cada día da nosa vida e da vida da Nosa Terra que todo é o mesmo.

E nada de adeseus nin despedidas. ¡Presentes, capitán Castelao! Hai que facer un estrense verba, que deu de si tanto morte, unha verba de vida. ¡Presentes, capitán Castelao! Por ti, pol-a nosa Patria. Que os mortos enterren a os mortos. Os mortos galegos nunca morran de todo. Non son

VERBAS PRONUNCIADAS POL-O IRMAN Dr. FIZ ANTON FERNANDEZ NO AITO DE HOMENAXE A CASTELAO, REALIZADO POL-O CENTRO PONTEVEDRES

O DIA 24 DE MARZO, E NO QUE FOI DESCUBERTO UN RETRATO DO NOSO GRANDE GUIEIRO

Cando se me propuxo a min pra decir estas verbas nun homaxe a Castelao, sentínme tan pequeno diante do persoaxe a evocar que tiven medo de aceptar. E que cando ca espresión gráfica de seu verbo o home verte o nome dun cidadán, unha chea d'ideas vinculadas a personalidade evocada desencadáase no seu cerebro com' un lóstrego luminoso aparecendo así mais ou menos crara a forza evocativa dese home. Cando nós evocamos a Castelao, iste lóstrego que alumea a nosa mente é tan forte que parece cegar o noso pensamento non sabendo por onde comezar a discriminar na súa colosa evocación no noso sentimento. Non falemos xa dos vínculos afetivos con que a vida dos grandes homes regala os corazóns dos que teñen a sorte de haberen sentido a influencia benfiteira do seu agarimo e do seu exemplo. Por enriba do egoísmo fincado no proveito persoal, todos sentímonos como membros da coletividade humana dotados d'un sentimento cheo de agradecemento para aqueles guieiros cujas concepcións ideoloxicas finean o seu basamento na compresión e solución do máis grande aneio de todo corazón humano: a liberdade e a diñidade dos povos. Por eso a evocación do nome do noso Castelao, de súpeto cega co seu resplandor a nosa intelixencia non sabendo que mais ademira do seu valer: si o seu arte, si a súa labourea de investigación arqueolóxica si a súa política, ou si o que é mais grande aínda, a súa diñidade política. Isto que pasa na miña concencia, coído non pode menos de pasar na concencia de todol-os galegos; e así, é como chegamos o sentimento colectivo do senso vo do senso de responsabilidade d'unha coletividade ante a memoria dos seus patriarcas benfiteiros é o que nos cingue hoxe perto d'iste retrato, non pra ille facer xustiza que a xustiza xa está feita, nin pra ille cantar looras a quen estivo por enriba das mezquindades da vaidade persoal, sinón pra cumprir e un deber. O deber de seguir erguendo o estandarte da súa doutrina que é o único medio capaz de salvar a nosa terra da pregulza en que hoxe está sumida. Iste sinxelo aito non debe pois sere sementes un sentido e merecido homaxe. É unha demostración de afinamento galeguista na que pómo de manifesto a nosa firme determinación de cumprir como discipulados soldados o testamento político do apóstolo da Galiza mártir. Testamento que non está escrito en ninguere pero que é a vida toda do noso guieiro máisimo. Isa vida que comezara no berce que forma o remanso saudoso da Ría d'Arousa fronte a furia do alen do mar. Tamén así repousado, sere e garimoso pero sempre ca bravura necesaria perto do xesto pra defender os dereitos da súa amada Galiza, formouse aquel ben amado fillo de Rianxo.

Os seus primeiros trazos satíricos garabateados ante a algarabía do café Colón de Compostela foron sementes o, despertar do seu destino como espolón destinado a tér decote desparta na concencia galega a realidade dos seus problemas. Moi axiña daría conta da súa iniciativa "O Barbeiro

podre, son xérmolos. A tua soma lumi, nosa engádesse á Santa Compañía que evocaches, que convocaches, nas tuas verbas finaes. Guíanos dende ela. "E si a vida se me acabase no desterro sen poder volverlle o meu corpo a terra que me emprestou, aínda había de sere pra Galiza o meu derradeiro alento".

¡Presentes, capitán Castelao! Por ti, por Galicia.

...nai e señora sempre garimosa e forte, preto e leixos, onte, agora, mañán, na vida e na morte..." (1)

Descansa no agarimo d'ista boa terra amiga, até que un día te podamos afundir, semente suprema, no patrio legón, envoltos nos versos do bardo:

"Soo nos traballos duros que o animo ennobrecen, sábase canto valen aqueles que reteñen as leis do honor difizle no momento solemne". (2)

—¡Presentes, capitán!

(1) Cabanillas

Municipal" periódico satírico co que comezaba a súa labourea periodística. Despois "Nós" onde se refreza a tremenda realidade das súas crases máis sacrificadas da nosa terra con un tino e un xeito d'entrevista a amosar as cousas que afrixe o labrego i o mariñeiro galego, d'abondo como pra ubicarlo na ringleira dos inesquecidos precursores. Viñeron aínda as publicacións de "Cousas", "Ollo de vidro", "Cincuenta homes por dez reas" e moitos outros maxistraes traballos. Máis cando a súa labourea toma un releve universal é perante o pleo desenrolo da súa actividade política. Temos a idea teoloxicamente enxada que a enxebreza dos homes pra chegaren a ser santos consíguesen sementes co sacrificio e o renunciamento. Pois ben, si con tal abunda, a figura que hoxe lembramos non pode entón menos de sere recoñecida e admirada como tal. Non fixo Castelas outra cousa que renunzar constantemente en base do seu sacrificio na procura de poder ver algún día unha Galiza ceibe e en súa personalidade nacional recuperada dentro d'unha España republicana federal. Poi Castelao un escudador da nosa traxectoria histórica e mais d'un compendio no que se afundían os problemas i-as es-panzas de Galiza. Ninguén como él enxergueu a nosa realidade, e ninguén como él tiña condicións d'abondo pra organizar un fronte de loita. D'ali pra diante foi o xefe indiscutibel. A súa labourea, xigante no momento inna o é mais xulgada nas súas proiecções históricas. E perante este período no que sae á luz "Galicia mártir", "Atila en Galicia" e "Milicianos". Traballo que percorrer o mundo inteiro en galego, castelán, francés, inglés, italiano, e aínda un exemplar en chino tiven eu nas miñas mans. Era ise o día en que trocando impresiós no seu leito de door, contábase con emoción non disimulada a ledicia que ille causara ao asistir en forma casual a un congreso pedagoxico celebrado na Franza, ver que o emblema que en gran formato estaba na porta do edificio, era nada menos que un dos seus dibuxos: "A última leición do mestre". Así de universal foi o noso Castelao: o mesmo que dirixira a sección arte do Seminario de Estudos Galegos, o mesmo que cofundara a Polifónica de Pontevedra. Era o mesmo cuia xenial creación servira de emblema ós congresos da pedagogía da Franza. E o mesmo que daría prestixio a Galiza desempeñando unha cátedra na Universidade da Columbia nos Estados Unidos. Aquel que mesmo abría o seu corazón a todol-os galegos que buscaban n'el o consello e o alento, como pechaba o puño pra defender enxericamente a posición e a diñidade d'un goberno.

Non falemos xa d'aquel regalo que foi "Sempre en Galiza" por todos coñecido mediante a patriótica labourea do Centro Ourenseño de Bós Aires. Libro xa por algun chamado "a Biblia dos galegos" no que debulla a súa posición política até conseguir o noso Estatuto: pedra angular na que finará por séculos o horizonte de todol-os patriotas galegos.

Otro traballo de inmensa sinificación cultural perto xa de chegar as mans de todos e que se chamará "As cruces de pedra na Galiza" que xunto co xa publicado "As cruces de pedra na Bretaña" bastan pra consagrarlo como investigador, escritor e dibuxante de primeira fila.

Non é pois iste un aito máis dos numerosos que acotío se cumplen no seo da nosa coletividade. Iste é un dos mais merecidos. Un dos mais necesarios con que todal-as institucións galegas deben de cumprir de inmediato como recoñecemento e gratitude o mais grande galego contemporaneo. Ista casa que foi a súa de recreo da casa de Castelao sentíase fría e orfa desd'o tristeiro día do seu alonxamento definitivo. Agora o seu retrato encherá ise valeiro n'amentras o bronce non chega a presidir santa compañía dos grandes galegos que alberga este santuario da Galiza emigrada.

Siñores membros do Centro Pontevedrés, habedes hoxe cuprido c'unha obriga patriótica. Como decote seguides firmes nas filas do galeguismo. Que o voso exemplo non tarde en espallarse en todal-as institucións galegas e a figura do noso Apóstolo presidirá así indefinidamente a nosa labourea encol da redención da Galiza acionada.

Verbas do Persoeiro Catalan D. Xose Agras

"Hermanos Gallegos; Es una gran responsabilidad hablar en este solemne acto, en nombre de los catalanes. Por circunstancias especiales recien sobre mi modesta persona, el peso de esta hermosa y delicada misión".

"Una realidad es que España por su configuración topográfica y por su composición étnica, es un país que debe ser ante todo y sobre todo federal, federal en principio, con la máxima predisposición a ayudar y reconocer las diferentes nacionalidades que la forman, los celts de Galicia, los euskaros del país vasco y los iberos de Cataluña y los Castellanos".

Los castellanos por veleidades del destino, fueron absorbiendo poco a poco el dominio de todo el territorio hispánico, excepto Portugal que en realidad es una rama de Galicia y las nacionalidades gallegas, vasca y catalana fueron aletargadas; aunque en forma aparente, porque la historia y la biología demuestra que los grupos étnicos, como movidos y dirigidos por elementos poderosos y misteriosos, surgen con una pujanza arrolladora y si en elementos de ataque se encuentran en inferioridad de condiciones, en la actitud de defensa son invencibles y dignamente majestuosos".

"Y no quiero continuar por este camino que sería excesivamente largo y ya que estamos aquí para recordar al glorioso y gran prócer gallego Castelao, voy a concretarme a hablar de su venerable y patriarcal figura".

"Lo vi por primera vez en una conferencia que nos dió en el Casal de Cataluña. Enseguida me ganó su simpatía y procuraba estar lo más cerca de él para no perder ni una palabra, ni una frase. Os confieso, lo admiraba, lo veneraba. Vi en aquellos sus ojos, de mirada penetrante y escrutadora, pero ya cansados y enfermizos, detrás de sus cristales, un sagrado fuego interno de hombre libre, lleno de ideales. Me ganó enseguida. Hubiera querido ser su amigo, su discípulo para aprender, pues escuchando todo lo que decía se aprendía mucho".

"Después Castelao fué llamado a París para formar parte del gobierno republicano en el exilio. Le dimos un banquete en el Casal de Catalunya, en ocasión de su partida. Yo como siempre procuré estar cerca de él. Cuantas admirables cosas nos dijo y como las recuerdo, porque hablaba llanamente y modestamente como hablan los grandes hombres; los genios. "No sé porque me han llamado. Yo no soy legislador, no soy estadista, ni soy político casi. Ahora si me han llamado para formar parte del gobierno republicano para representar los intereses y derechos de Galicia, ah, eso sí, eso sí que lo entiendo y conozco a mi pueblo, lo que puede pedir y lo que debe obtener. Eso si que sabré defenderlo". Y lo defendió".



para formar parte del gobierno republicano para representar los intereses y derechos de Galicia, ah, eso sí, eso sí que lo entiendo y conozco a mi pueblo, lo que puede pedir y lo que debe obtener. Eso si que sabré defenderlo". Y lo defendió".

"Castelao, estrella luminosa del cielo de Galicia y hombre bueno y ejemplar, de emoción y de amor patriótico, yo, en nombre de los catalanes de aquí y los de allí, — quizás algunos no te conocen, pero ya vendrá el momento que se te conocerá, — te juro que no te olvidaré jamás y en mi corazón y al lado de nuestros próceres catalanes y sobre todo del mártir Presidente Companys te haré un lugar para venerarte y amarte".

"Con hombres como ellos las Patrias resurgen tarde o temprano".

DO DISCURSO DO PRESIDENTE DO CENTRO BETANZOS, IRMAN ANTON SUAREZ DO PAZO

"C-a emoción do noso sentimento patriótico, imos hoxe a honrar ao máis ilustre fillo da Galiza contemporánea, i-a figura máis representativa do sentimento de Patria da nación galega.

"No intre da morte de Castelao, decía un escritor e poeta galego residente na nosa terra: "coido que si estivera nas miñas mans salvar par-o porvir a obra d-unha personalidade galega, sabendo que se mergullaría no esquecemento o resto da nosa cultura, eu escolleiría a obra de Castelao. Pois ficando na lembranza dos homes a obra de Castelao, a cultura galega, por moitas mortes que morrera, tería seguranza de resurrección. En Castelao únense o xenio persoal i-o xenio racial. Así, a súa obra, inda qu'asombrosamente galega, non ten un ár anónimo, senón profundamente individual. Esta superación de contrarios, iste ser Castelao sen deixar de ser Galiza, iste ser Galiza sen deixar de ser Castelao, e un dos rasgos máis característicos do inmortal home de Rianxo. Hoxe non sabemos se Galiza fixo a Castelao ou Castelao fixo a Galiza. No Pórtico da Gloria do noso espírito, florecerá eternamente a sorriso divinamente humán d-iste maravilloso Daniel".

"Eisí istá definida a personalidade de home que hoxe relembremos. Falar d-él é unha redundancia. To, do istá dito. Somentes fai falla seguir o seu eixeiro. Hoxe, o cumprimento o primeiro aniversario da súa morte, a súa figura axigantase na distancia e no tempo, e recién empezamos a decatarnos da súa verdadeira grandeza.

"Cábele o Centro Betanzos, a outa orgueza de sere a primeira sociedade galega que perpetua no bronce a figura inmortal do

gran Castelao. A súa presenza, que sempre nos acompañou nas nosas grandes celebracións, istará dende hoxe deica nós para presidir os nosos aitos. Ista casa, pol-a qu'il sentía tanto agarimo, é dende hoxe máis venerábel. Istamos seguros que dende o Alén, a sorriso de Castelao acepta compracido iste homenaxe dos seus amigos betanceiros.

"Castelao, entraba contento n-ista casa, porque toda ía latexaba, e latexa, galeguidade. Empregando as suas mesmas verbas, podemos decir qu-ista é unha das casas máis galegas de Bós Aires, pois dende a porta da calie, o entrar eiq' recibese a impresión d-entrar en Galiza. Eiq' todos falamos galego, e ríndese afervorado culto o sentimento patriótico. Son moitísimas as veces que Castelao falou dende iste mesmo sitio onde hoxe istá no bronce a súa figura inmortal. En banquetes e aitos culturais e patrióticos, organizados pol-o noso Centro, ou pol-as sociedades que conviven eiq'.

"O busto e obra d-iste gran escultor galego, qu-e don Domingo Maza, o irmán Maza puxo n-ista obra, a mais das suas recoñecidas aptitudes de artista, o seu sentimento de galego, e non podía ser d-outro modo, pois quenés coñecemos a Maza sabemos do agarimo e do respecto que profesaba a Castelao, e non e pois d-estrafñar o cariño con que fixo ista obra d-arte, que refrexa con esatitute a figura venerábel do noso inesquebel maestro, e que constitúe un estraordinario traballo artístico do amigo Maza, como vostedes haberán d-apreciar.

Molto se ten dito, e moito mais

Discurso do Presidente de Irmandade Galega, Irmán Rodolfo Prada, no Aito do Centro Betanzos

Moitísimos son os homenaxes que se levan feito ao noso gran Castelao dende que, fai un ano, entrou maxestuosamente na inmortalidade; homenaxes en difrentes logares do mundo: na Galiza, en París, en Londres, en Nova York, en México, na Habana, en Chile, no Brasil, en Montevideo e n-este Buenos Aires onde repousa, até que, no glorioso día en que alumeé radioso o sol da liberdade na nosa Terra, poida ser levado a ela. Moitos, moitísimos han de sere os homenaxes que aínda se lle farán no porvir.

Mais, entre todos íles, iste que hoxe lle rinde o Centro Betanzos ten, e terá sempre, un significado especial e acadará categoría histórica pol-a circunstancia de sere o primeiro homenaxe que se fai a Castelao d-un xeito que lle asegura perdurabilidade, na súa transcendencia ouxetiva, pras xeneracións que nos teñen de suceder. É iste o primeiro homenaxe que ficará coallado n-unha representación da figura de Castelao outida pol-a habelencia artística d-un gran escultor galego, Domingo Maza, e fixada no bronce que pode desafiar aos tempos. A galeguidade de hoxe ea de mañán adicará a Castelao moitas de bustos, estatuas e moimentos, dentro e fora da Galiza. Sobor de tudo no ámago granítico de nosa sagra Terra, están xa a latexar as estatuas do escarrecido Mestre, do lumioso Guieiro, que solo agardan o alboroxar da Liberdade pra se ergueren e proclamaran aos séculos o grandor ea gloria de Castelao.

Non sei si este homenaxe é, ou non, o primeiro na intención. Xa sabemos de uns cantos homenaxes d-este xeito que foron decididos e algúns xa en execución. Eisí: o Centro Orensano que lle quer adicar unha estatua na súa sede social; eisí o Centro Gallego de Buenos Aires que tamén resolveu erixirle estatua no seu moimental edificio; eisí o Centro Pontevedrés que xa encargou ao distinto escultor galego Anxel Alén unha figura de Castelao pra por no xardín do seu Pazo Galego de Olivios; eisí a Sociedade Parroquias U. de Rianxo que acordou erguerlle estatua no seu povo nadal; eisí a Casa de Galicia de Montevideo que igualmente acordou colocar un busto na rúa que o Municipio d-aquella cibdá vai rotular co nome refulxente do noso Castelao.

Mais, a realidade é que, iste busto, adicado pol-o benemérito Centro Betanzos, é o primeiro homenaxe de ise feito que se lle rende a Castelao, e coma tal ficará rexistrado nas historias que se han de escribir sobor do esgrevio Guieiro da Galiza eterna. O feito en sí é, dende logo, circunstancial; mais, non embargantes, ben parecería misterioso destino do Destino do povo galego, o que sexan percisamente os fillos de Betanzos quenés primeiro immortalizan a Castelao no bronce, porque Betanzos, anterga e prócer, non somentes constitúe o solar onde se chantou o núcleo dianteiro dos celts na nosa Terra, non somentes foi o máis brillante berce da nosa nobreza pol-o cal foi chamada "Betanzos dos Cabaleiros", senón que tamén foi, no seu tempo, capitalidade da nación galega. Ten pois, iste homenaxe a Castelao, unha eisecucional soleira de fonda raigame histórica; e ten, amáis, a quentura do afervoramento que houbo n-este fogar pol-o seu Presidente Honorario.

Iste busto ficará eiq' proclamarando, as xeneracións vindoiras, o recoñecemento eterno dos betanceiros emigrados a quen se deu prena e gozosamente ao servizo de canto é, pra os galegos, de máis respetábel, de máis benquerido e de máis sagro: aquilo que se empecha no conceito lumioso de patria Galiza! Fica eiq', na perdurabilidade do bronce, a efixie do máis esgrevio fillo que deu a nosa Terra en tudol-os tempos, do que máis traballou ca multiplicidade dos seus talentos e do que máis se sacrificou pol-o rexurdimiento da patria galega tan atristurada e amagastrada por catro séculos de escravitude cultural, económica e cívica.

Iste busto ficará coma testemuña de que Castelao foi síntesis milagreira da Galiza de sempre, de que Castelao foi o escolleito pol-o xenio da raza, pra n-él, no seu tenro corazón, resoase tud-a vida da súa patria galega o longo dos séculos; o mesmo as didas de ledicia, de gloria e de liberdade, com-as notadas de sofrimentos, de loitas e de escravitude.

Tud-a a milenaria historia da Galiza se refrexou n-él; e n-él tivo o máis fidel intérprete. Tud-o balbordo da historia da nosa Terra, e de maneira especial o cruel e longo drama sofrido pol-o noso povo baixo do despotismo dos monarcas centraístas; resoaba rexa e permanentemente no gran espírito de

haberá de dechse, sobor da xigantesca persoalidade de Castelao. Debuxante, escritor, arqueólogo, político, patriota; en todas istas actividades destacou sempre as suas condicións de home eisecpcional. Por iso, para Galiza, ten de ser un outo orgullo haber doado o mundo civilizado un vaor de tantos merecimentos, como ten de ser pra nós, os emigrados, que tivémola dita de tel-o a nosa veira nos derradeiros días da súa vida, e recibimos as suas eixeprares leccións i-as suas sabías ensinanzas. Dentro d-algúns anos, quizá bes non moitos, será un dos nosos orgulos poder decir que coñecemos a Castelao, e ise orgullo haberá de axigantarse, c-o percorrer do tempo, cando as novas xeneracións empenzan a adeprender a vida i-a obra de Castelao, e n-isa biografía

terá de figurar o sentimento da co-leitividade galega de Bós Aires, que soupo istar sempre a outura da súa responsabilidade, acompañando a Castelao na súa prédica durante a súa vida, e seguindo o seu eixeiro e mantendo a súa presenza, mais alá da propia morte.

"Donas e señores: Invitando a todos vostedes a pofnerse de pé, no nome do Centro Betanzos, institución galega da qu-o noso morto foi o primeiro i-o único Presidente Honorario, vou a descubrir o busto que perpetua no bronce a figura máis ilustre da Galiza contemporánea, do galego máis galego de todas as épocas, do artista xenial que mellor que naidas captou a sensibilidade do noso povo, do político honesto que sirveu con lealdade a causa da súa terra, do estu-

Castelao. Resoaba coma leición viva do pasado da patria galega, pra millor estudar as solucións do seu persente e do seu vindiouro. Por iso, no mesmo intre de morrer, o noso Castelao foi glorificado. Non foi perciso, coma xeneralmente acontece cos grandes homes, que pasase o tempo pra lle dar perspectiva histórica e pra se lle facer xustiza. Non. Sua morte produxo axiña coma unha coñeción xeolóxica no mundo da galeguidade: o mesmo na propia patria Galiza inda sofrente baixo unha dictadura, coma no eistranxeiro.

"Xa fai un ano que Castelao se nos foi camiño do Alén, e aínda noso espírito se non acostuma a tan triste realidade! Aínda a dóor é tan firente e tan fonda, a horfandade tan anguriosa, que a cotío, — e n-istes intres máis e máis —, temos de afogar nosa pesadume con esforzos sobrehumanos pra que o corazón se nos rompa en brados de desespero e se non valeire pol-os ollos en abondosas bágoas margurentas...! Dura e doorosa obriga á de ter que vir a recordarlo eisí en público e diante d-esta face sua! Elo soio é posibre a custa de ter que nos soborpor arrizadamente pra non sermos domiñados pol-a congoxa!... Istas horas son, de certo, máis doadas pra se recollar illados n-un currunchito a murgular o espírito no relembro da súa sin par mestría de afervorado patriota galego e de ideólogo de outo voo acugulado de sán e nobre humanismo; no relembro da súa arte maravillosa "comprometida" xenerosa e escrusivamente ao servizo da Galiza dos seus amores e dos seus ensonos; no relembro do seu vivir froitífero e do abrayante enxemplo da súa honradeza de pensamentos e de feitos; no relembro da súa gloria perdurábel de ternos esperado a orgulleza de ser galegos e de ternos encañado pol-o vello das nosas obrigas ca sagra patria galega. ¡Son os intres doados pra os recordos que alumean e doan forteza as nosas íalinas que teñen de cangar co cruel sofrimento da iforme esventura de ternos aínda a nosa Terra baixo a traxedia do asoballamento e da escravitude!

¡Relembros firentes e magoantes, pero de proveitosos ensinos e xeneradores de azos pra nos manter fideles as suas doutrinas galeguistas, pra manter rexa nosa fé na causa da patria e pra manter acesa nosa esperanza no conqurimento da súa redenzón!

¡Castelao inmorrente e glorioso aló no Alén! Xa istá il maxestuoso e lanzal, acréscento a Santa Compañía d-esgrevios galegos que n-"Alba de Gloria", seu derradeiro discurso n-un inesquecibel Día de Galiza, fixo desfiar diante de nós ao conxuro da súa verba prodixiosa de apóstolo.

Sua incorporazón a tan lumiosa Santa Compañía, tivo de sere emozoante, radiosa e solene. Castelao, co seu filiño arreboxado docemente no seu peito, recibindo, coma primeira, a forte aperta ea bendición do mítico pai da nosa raza: do vello Breogán; logo Prisciliano, Teodosio, San Dámaso, Paulo Orosio, San Pedro de Mezonzo, San Rosendo e Xelmirez a saudalo, ledos, con admirazón e reverenza; o grandeiro mestre Mateo folgándose de o abrazar e de palicar con íl sobor da divindade do Arte; os esgrevios poetas do noso Cancioiro ao arrodear xubilosos ea lle entoar afervoadas gabanzas; o héroi e mártir Mariscal Pardo de Cela achegándose con dindade a lle rendir preitesta, máis íl se lle adianta eo abraza en sinal de recoñecemento do seu sacrificio pol-as liberdades da patria; a seguido moitidume de gloriosos galegos a acramalo con ledicia; os escarrecidos sabeos frades Sarmiento e Feixóo a contempralo con agarimo ea saudalo con admirazón; cando aparece a doce rula Rosalía sorrindo, nimbada de luce e cos brazos abertos, íl vai a ela arelante e felice ea bica emozoado na frente; logo ven o se abrazaren degorosos íl e seus amigos e compañeiros de xeiras patrióticas Lousada Diéguez, Xohan Viqueira e Vilar Ponte...; e, na derradeira, avanzou sereo onde a íl un mozo de corpo pequeno e rexo de espírito, de ollar craro e lumioso, e-unha estrela na súa frente, con garimoso sorrir nos beizos: é Alexandre Bóveda, o mártir fusilado pol-os cruéis nemigos da Galiza, que o saud a-un varil "TERRA A NOSA", o tempo que, dos buratos dos chumbos, inda abertos, florecen rosas hermellas... ¡Castelao!, noso irmán, noso mestre, noso Guieiro: tí por sempre con noso; e nós sempre, ¡sempre!, a caron de tí. Cas verbas acesas do teu esgrevio amigo e irmán Otero Pedrayo, teño de che decir que "teu recordo é a honra do noso vivir". ¡Castelao! ¡Noso Castelao...!

dioso qu'empregou a súa sabenza o servizo da cultura do seu país, do home que renunciou a todol-os halagos i-a todal-as comodidades para levar unha vida de loita e de sacrificio, sempre cara o chán nativo.

"Vede eiq' a figura inmorrente do noso Castelao. Qu' a súa presencia sexa a fonte nutricia i-o número inspirador da galeguidade que debemos imprimirlle aos nosos aitos futuros se queremos ser dignos da memoria do gran maestro galego, a quen hoxe, cumprindo c-o sagro deber de patriotas, vimos a rendirle o noso respetuoso homenaxe i-a renovar o noso compromiso de lealdade e fidelidá ao chán galego, qu'a de ser eiq' porque eisí o quixerón os nosos mortos e isa é a vountade do noso povo".

Verbas do Secretario do Consello de Galiza, Anton Alonso Rios no Homenaxe a Castelao

Niste homenaxe a memoria de Castelao, ao comprirse o primeiro ano da súa morte, eu propoño adentrarme na esencia da súa personalidade. Persoalidade enxebre, da máis nida esencia galega.

A ialma de Castelao é unha disas síntesis que a Natureza acadada moi de tarde en tarde.

Todol-os elementos do sere nazonal do noso povo: a paisaxe human en perspetiva histórica; a paisaxe xeográfica na inqueda movibilidade das augas, no chan polimorfo e polieromado, e no ceio, unhas vegadas sere e radiante, e outras vaxueante coa súa choiva miuda e teimosa. I-a brétema acugulada de nostálgica lonxanía. O amoroso abrazo do mare e da terra no festón das rías. Toda unha hestoria cangada de creacións culturais, de brilantes froleceres, desbordantes, ecuménicos. E isa arela de rexurdimento tras un sono catro vegadas secular, tras un sono de mortal apagamento. Todo ilo atópase en Castelao conxugado coa máis forte capacidade de síntesis ar-

tística, e cos lampazos do seu xenio creador.

Castelao é Galiza: Galiza en profundidade hestórica, Galiza



en dimensión xeográfica, Galiza en proieución da futuridade.

Bucear na ialma de Castelao, é escoitar o decorrer da hestoria do noso povo é sentir o latexar da vida da Nación Galega.

A personalidade de Castelao révelase no contraste brutal, que, na súa adolescencia, se pro-

duce entre a súa galegitude nativa e o ferinte espectáculo da Patria asoballada e claudicante.

Iste contraste, iste martelazo da Patria escrava e claudicante, do propio povo, que, non soio soporta mansamente a escravitude, senón que renega do propio sere, e se convirte en mona de imitación dos seus opresores. Iste martelazo fire a Castelao nas frebas máis sensibres do seu sere; fireo na súa diñidade nazonal.

I-é ista magoa inferida a diñidade nazonal de Castelao, a que o enfrenta dun xeito irreductibel, e pra decote coa opresión e coa claudicación orixinada pol-o imperialismo dos reis de Castela.

Toda a vida de Castelao, e toda a obra de Castelao, están determinadas e prefixadas por un sentimento e por unha arela: O sentimento da diñidade galega, i-a arela da súa liberdade; a arela da liberdade material e da liberdade espiritual da Nación Galega.

A vida espritoal do povo ga-

Discurso do Señor Candido Rey

Señor Segretario do Consello de Galiza.
Señores representantes de Colectividades irmans.
Donas e fillos da nosa terra,

Porque os sucesos de fonda sinificación teñen sempre a diña correspondente repercusión, está oxe a nosa colectividade de loito.

Fai iste sete de xaneiro, un ano que todo canto temos de sensibilidade patriótica, todo canto temos de conciencia idealista, e todo canto chega o noso sentimento afeilivo, véuse ferido e desgarrado pol-a tremendamente afortunada noticia que espallaban as estacións de Radios, os milleiros de teléfonos, os berros dos vendedores de todos é mais calificados xornales, presos de unha emulación que amostrou a virtude de emocionarnos a todos nós: Castelao morreu, morreu Castelao!

Os galegos, que dun ou doutro xeito traballamos por Galiza i a súa causa dende istas vanguardias da emigración; os galegos que por iso mesmo tiñamos a ledicia de estar en contacto coas súas magníficas ideas e pensamentos, de extraordinaria beleza pra ideación da nova Galiza que temos concebida; que de isa intimación nascía o coñecemento que tiñamos do final terrible que agardaba o ilustrado guieiro; podíamos ter xa unha certa predisposición a-o resenamento, pro non, cando chegou o intre da perda irreparable, todos, grandes e pequenos, vellos e novos, mulleres e homes, choramos bagas abondas que arrincaban dos máis fondo dos nosos corazóns. ¡E que hai mortes que nunca se poden admitir!...

Non pasaron moitos minutos dende que a Comisión Intersocietaria de entidades galegas que integran os Centros provinciais: Ourense, Lucense, Coruñés e Pontevedrés; a Irmandade Galega e o A. B. C. de Corcubión, conxunto de sociedades que, organizador de iste funeral cívico e homaxe, póstumo, convocou a toda a nosa colectividade con finalidade tan eminentemente patriótica e galeguista fíxose presente no panteón de noso Centro Galego, depositando unha ofrenda ante os restos queridos do que foi e seguirá sendo eternamente noso máximo guieiro. Non fuxiron moitos segundos dende que, subindo a un apartamento pra nós xa hestórico de ista mesma rua Belgrano, saudamos con un aperta e un bico de galegos cheos de agradecemento e de emoción, a unha muller a que, por levar sobor de si a diñidade das máis virtuosas donas galegas, queremos q chamámola Santa Virxinia. E agora, agora... xa estamos diante do iste altar da nosa Patria Galega. Porque o ilustre Castelao, o patriota Castelao, o bó e human Castelao, o sabio e sinzelo Castelao, era todo isto: Terra i espírito da Galiza; era a Galiza mesma.

Non somos nós, nin temos tan pretenciosa idea, os que imos a referirnos a obra múltiple e fecunda que iste home exemplar de Galiza é da humanidade enteira, fíxo no senso da arte, da política sana e patriótica —tamén hai a outra política que Castelao aborrecía— nin, de toda esa labourea grandiosa do fillo mais fillo da nosa Terra. A outros irmans mais ricos na sabencia temos nomeados pra que o fagan o final de ista afortunada data que lembramos.

A nosa obriga, representando, como dixemos, ao comenzo de iste aito, a Comisión Intersocietaria de entidades galegas, queda cumprida o deixar escomenzado o desfile de sociedades que pol-o intermedio das súas autoridades, farán garda ante iste túmulo, con espazos de dez minutos, desde as 11 hasta as 22 horas. Homaxe sinzelo, sentido i emozado, tal como gostaban as cousas dos seus irmans galegos a aquel virtuoso que se chamou Castelao. Pra il, que foi pai, irmán, amigo da nosa colectividade, e que con el o frente, daría, ofrecería os sacrificios meirandes pra conquistar as liberdades de Galiza pol-as que o xenial xefe loitou toda a súa rica vida, morrendo orgulloso de obrar con tanta grandeza de ialma; morrendo pra sementar a que nós temos que recoller como froito admirabel da fecundidade da nosa terra: A plea liberdade da nosa Terra; pra il a nosa invocación, xermola i emozada.

¡Castelao: Que o teu espírito nos guie sempre; que o teu espírito nos mantéña sempre fortes e cinguidos no amor a Patria!

¡Descansa en paz!

Ofrendas Frorales e Adhesións ao Funeral-Cívico a Castelao

O grandeiro aito de homenaxe a Castelao que se levou a cabo no Centro Ourense, organizado pol-a Comisión Intersocietaria Galega, acadou o consenso ea solidariedade de toda a Galiza libre, de toda a galegitude emigrada n-América asegún o testemuñaron as manifestacións de adhesión que tivo, chegadas das entidades máis representativas e sinificadas persoas, das cales damos eiquí conta. Elo constitúe crara proba do outísimo prestixio e xeral acatamento de que gozaba a esgrevia personalidade de Castelao e da trascendencia e perdurabilidade do seu ideario patriótico-galeguista, da súa arte xenial e dos seus inxentes traballos e sacrificios pol-a redenzón da nosa sagra Terra asoballada.

PUBRICAZON DE ESQUELAS—

Publicaron esquelas nos xornales "La Prensa" e "La Nación" de Bós Aires, invitando aos seus asociados a concurrir o funeral-cívico, as entidades seguintes:

Consello de Galiza, Comisión Intersocietaria Galega, Centro Gallego de Avellaneda, Irmandade Galega, periódico A NOSA TERRA, Centro Orensano, Centro Pontevedrés, Centro Provincial Coruñés, Centro Lucense, Centro de Betanzos, Centro A. B. C. de Corcubión, periódico "Opinión Galega", "Coral Terra Nosa" e seu director, Asoc. Hogar de Rivadumia, Audición "Recordando a Galicia", Soc. Pro Escuelas en Bandeiras, Asoc. Residentes de Mos, Soc. Parroquias Unidas de Rianxo, Soc. Unidos de Sada, Centro Arnoya de Bs. Aires, Soc. Centro de Salceda, Centro de Sengenjo, Soc. Residentes de Portas, Centro Villamarín-Perojano, Agrupación Celta (Pro Centro Gallego), Soc. de Negreira, Soc. Centro "La Libertad", Res. de Santiago de Compostela.

OFRENDAS FRORAES—

Fixeron chegar belidas ofrendas frorales ao funeral-cívico, as entidades que se detallan a seguido:

Centro Gallego de Buenos Aires, Acción Vasca y Enakume Abertzale Batza, Hijos del Ayto. de Maside, Casa de Galicia de Montevideo, Centro U. H. del Partido de Negreira, Agrupación Celta Pro-Centro Gallego, Soc. de Pol y Castro de Rey, Soc. Rtes. de Palas de Rey y Afines, Centro del Distrito de Salceda, Soc. Ayto. de Rianjo y Targona Unificadas.

Asoc. Rtes. de Mos, Centro Gallego de Avellaneda, Coro Castelao, Soc. Unidos de Sada, Soc. Parroquias Unidas de Rianjo, Centro Laurak Bat, Soc. Rtes. del Ayto. de Forcarey, Fed. de Sociedades Gallegas, Centro Ayto. de Grove, Centro Betanzos, Centro Sengenjo, Casal de Cataluña, Consello de Galiza, Soc. Rtes. del Ayto. de Portas, Soc. Nogueira de Ramuín, A. B. C. del Partido de Corcubión, Asoc. Hogar Rivadumia, Centro Orensano, Centro Lucense, Centro Provincial Coruñés, Centro Pontevedrés, Irmandade Galega, Centro La Libertad de Sgo. de Compostela, Delegación Vasca, Centro Villamarín - Perojano, Aurora Lozano.

Houbó, ademais, moitas ofrendas frorales feitas anónimamente por homes, mulleres e nenos que desfilaron a cotío diante o busto de Castelao.

ADHESIONS—

Moitas foron as adhesións que chegaron ao homenaxe a Castelao por meio de cables, telegramas, notas e tarxetas. D-entre elas rexistraremos eiquí as seguintes:

DA ARXENTINA: Centro Gallego de Buenos Aires, Centro Republicano Español, Centro Asturiano, Centro Gallego de Avellaneda, Soc. de Silleda, Soc. Pro-Escuelas en Bandeira, Soc. Hijos del Ayto. de Maside, Casa de Galicia, Centro del Ayto. de Grove, Delegación do Goberno Vasco, Delegación do Goberno Catalán, Centro Español Unión Rep. de Rosario, Irmandade Galega de Mendoza, Irmandade Galeguista de Rosario, Casa de Galicia de Rosario, Irmandade Galeguista de La Plata, Dr. Manuel Blasco Garzón, Dr. Augusto Barcia (desde Mar del Plata), Daniel Calzado (Mar del Plata), José Barreiros (Bariloche).

DO ESTERIOR: Irmandade Galeguista do Uruguay, Audición Radial "Sempre en Galiza" de Montevideo, Celso Garrido (Delegado Consello de Galiza en Chile), R. Suárez Picallo (Diputado membro do Consello de Galiza en Chile), G. Alvarez Gallego (Delegado do Consello de Galiza en Cuba), Alfredo Somoza (Diputado membro do Consello de Galiza en Montevideo), Vicente Sol (Ministro do Goberno Republicano Español no exilio), Irmandade Galeguista do Río de Janeiro, Grupo Galeguista de México, Casa de Galicia de N. York, Confederación D'Organizacions catalanes D'América (México).

lego: a ialma galega, desenrolándose libremente, ceibe de toda opresión e de toda tutela; camiñando pol-o seu pe, voando coas propias asas, facendo xurdir de si todo aquilo de que sexa capaz, ofrecendo a humanidade os froitos do propio sentire, do propio pensare, do propio falare. A ialma galega ceibe e reitoria do propio sere; a ialma galega consente de si mesma i ergueita por un outo sentimento de diñidade; que saiba mirarse aos demais povos irmáns —nin amos nin escravos: irmáns—; que os saiba mirare as meniñas dos ollos con mirada de irmán, con ollada de igual a igual; e que non dubide en falarlles nas propias verbas, na propia fala coa mesma diñidade con que lle sostén a propia ollada e lies

amostra todol-os atributos da propia cultura.

A ialma galega sin esmorecerse en renunciamentos; sin afearse e degradarse en servís imitacións, sin acocharse en cobardes compracencias; sin envilecerse con aitudes claudicantes pol-o medo de pasar por intrasixentes ou por mal educados. Tal é o sentimento, tal é o pensamento, tal é a arela que moveron e guiaron a Castelao; a Castelao artista, a Castelao escritor, a Castelao pensador, a Castelao político, e a Castelao home.

Por que Castelao foi diante de todo, por enriba de todo, un nazolista galego. Castelao foi o grande forxador, o grande creador, da Nación Galega.

Homenaxes a Castela

Faguemos n-este número ampla crónica dos aitos cos cales foi memorado Castela co gallo do primeiro aniversario da súa morte. Pro, ademais d-elo, queremos deixar constancia eiqui, siquera sexa d-alguns dos moitos homenaxes que se fixeron ao noso inmorrante guieiro na tempada en que istivo sen publicarse A NOSA TERRA.

Ben deberíamos e quixeramos ofrecer compretas crónicas que fosen dino refrexo da solemnidade e importancia de taes aitos, mais a anguria de espazo, no ostante o aumento de páxinas d-esta edizón, no lo impiden. Temos, pois, que encurtarnos a soio facer d-eles lixeiras semellas. Por outra parte, teremos que nos concretar somentes aos máis santos.

EN NEW YORK

Foi na grandeira eibda de New York, dos EE. UU., onde se lle rendiu o primeiro homenaxe a Castela despois do seu pasamento a inmortalidade. Istivo orgaizado pola Casa de Galicia (Unidad Gallega) da cal era Castela o único Socio de Honor, e se realizou na mesma semán, —a segunda daquili inesquecibel Xaneiro—, en que se lle deu sepultura. Consistiu o homenaxe n-un aito público, esecucionalmente concurrido, no cal estudaron e gabaron a personalidade e a labouira de Castela o esgreivo Profesor da Universidade de Columbia don Federico de Onís, o Profesor e diputado republicán pola Cruña D. Emilio González López eo Delegado do Goberno Vasco nos EE. UU. Sr. Ga. Iñiguez.

EN PARIS

En fraternal xesto que moito aperciamos os patriotas galegos, o Goberno de Euzkadi no exilio, orgaizou na capital da Francia, o 11 de Febreiro do pasado ano, un solene aito necrolóxico en homenaxe ao presidente do Consello de Galiza noso Castela. Polas outas persoalidades que n-él interviron e pola gran concurrencia, o aito acadou moito sinificazón e importancia.

Os discursos istiveron a cárrago dos señores: Domingues dos Santos, ex-presidente do Goberno da República Portuguesa; deputado Nogueira, presidente do Parlamento da República Española no exilio; deputado Valera, vicepresidente do Goberno Republicán Español no exilio; Bosch Gimpera, ex-conselleiro da Xeneralitat de Cataluña; e Ramón Ma. de Aldasoro, conselleiro do Goberno de Euzkadi.

EN LONDRES

A prestixiosa B. B. C. de Londres, que é a máis importante broadcasting d-Europa, adicou unha audición radial a personalidade e obra de Castela. A transmisión foi feita no noso idioma galego no mes de Marzal do ano pasado.

Antre outros, léronse manífecos traballos de D. Ramón Otero Pedrayo e de D. Plácido R. Castro estudando e resaltando o inmorrante guieiro de Galiza.

DO CENTRO PONTEVEDRÉS

Eiqui en Bós Aires, foi ó desta prestixiosa e patriótica entidade, o primeiro homenaxe que se fixo a Castela, Socio Honorario da mesma. Levouse a cabo nos salons do Centro Orensano o 24 de Marzal do ano derradeiro, que se viron acugulados de xentío. Aitnou a Coral "Terra Nosa". Falaron, o entón presidente do Centro Pontevedrés D. Antón Dios, o segredario do mesmo D. Cándido A. González eo segredario do Centro Orensano D. Valeriano Saco. Como lo cida culminazón do aito, falou a nome da Irmandade Galega o afervoadado patriota galego Dr. Fiz A. Fernández, cuio elocuente discurso folgámonos de o publicar íntegro en lugar aparte.

EN MEXICO

O 25 d-Abril derradeiro, os galeguistas exiliados en México, ca colaboración dos patriotas vascos e catalás, fixeron unha serán necrolóxica no Salón Teato do Orefeo Catalá da capital mexicana. Falaron no aito, polos catalás D. Xohan Loperena, polos vascos D. Xosé Irisarri, polos galegos exiliados en México D. Marcial Fernández, polos galegos d-Arentina D. Rodolfo Prada que istaba de paso por aquí país, e polo Grupo Galeguista de México D. Roxello Rodríguez de Bretaña que pechou o aito.

DA C. INTERSOCIETARIA GALEGA

Esta Comisión integrada polas entidades seguintes: Centro Orensano, Centro Pontevedrés, Centro Lucense, Centro Provincial Coruñés, Federación

de Sociedades Gallegas, Irmandade Galega, Centro Betanzos e Centro A.B.C. de Corcubión, rendiu grandeiho homenaxe a Castela o 11 de Maio derradeiro.

Consistiu n-un solene Funeral Civil co realizado no gran Salón Teato da Federación de Sociedades Gallegas o cal acadou estraordinarias proporcións. Foi integral i emozoadado homenaxe de toda a coletividade galega de Bós Aires con afervoadas adhesións de todos os núcleos galegos d-América. Cantou o Hino Galego ea "Negra Sombra" a Coral "Terra Nosa" dirixida polo mestre Isidro B. Maiztegui. Aitnou de guieiro do aito e abriu con afervoadada invocazón ao espírito de Castela, o irmán D. Avelino Díaz. Pronunciaron elocuentes discursos os señores: D. Manuel Puente a nome da Comisión Intersocietaria da que era presidente; Dr. Xoa Llorens a nome dos catalás; D. Alfredo Somoza, diputado republicán pola Cruña, a nome dos galegos de Montevideo; Dr. Pedro Basaldúa a nome dos vascos; Dr. Augusto Barcia Trelles, ex-presidente do Consello de Ministros da República Española, a nome do Centro Republicano Español; Dr. Xosé Núñez Búa a nome da coletividade galega de Bós Aires; e D. Antón Alonso Ríos, diputado por Pontevedra, que pechou o aito a nome do Consello de Galiza.

DA CASA DE GALICIA DE MONTEVIDEO

Ista prestixiosa entidade, a máis importante do Uruguai que conta con máis de 20 mil socios, orgaizou unha serán necrolóxica en homenaxe a Castela que se fixo no salón de aitos do Ateneo de Montevideo o 24 de Xaño derradeiro, acadando estraordinaria importancia. Istivo realizado o aito con un representante do Presidente da República do Uruguai, eo Delegado do Goberno Español no exilio, con deputados do Parlamento Uruguai, con destacados homes de letras e artistas daquili país, e con nutrida representación dos galegos de Bós Aires. A masa coral da Casa de Galicia interpretou o Hino Galego, "Melancolía" de Lens Viera e "Consolo" de Paz Hermo.

Fixeron a lembranza i eizaltazón de Castela os oradores señores: D. Elías Montero e D. Marcelino Ramos pola Casa de Galicia; D. Benito Fungueiro pola Sociedade de Rianxo; D. Edoar. do García del Río polos escritores galegos; D. Xoa Ferreira Ramos polo Ateneo de Montevideo; D. Rodolfo Prada pola coletividade galega de Bós Aires e D. Alfredo Somoza, diputado galego, polo Consello de Galiza.

HORA RADIAL "SEMPRE EN GALIZA" DE MONTEVIDEO

Adicoulle unha audición especial o domingo 7 do derradeiro mes de Xaneiro, aniversario da morte de Castela, na que se pasou un disco con verbas do deputado Antón Alonso Ríos e do presidente da Irmandade Galega Rodolfo Prada, grabado en Bós Aires.

MISAS "IN MEMORIA"

Pola alma de Castela adicáronlle oficios relixiosos; súa dona Doña Virxinia Pereira de Castela na capela do Colexio Champagnat de Bós Aires; as súas irmás señoritas Teresa e Xosefina R. Castela na igrexa parroquial de Rianxo (Galiza); os patriotas vascos de Bós Aires na igrexa de San Xoa d-esta capital; núcleos d-amigos e admiradores nas igrejas de Santo Domingo en Compostela e na de San Francisco en Pontevedra (Galiza); o Goberno de Euzkadi no exilio, na igrexa de Saint Pierre de Chaillot en París (Francia).

OUTROS HOMENAXES

O Centro Gallego de Bós Aires acordou os seguintes homenaxes a Castela: colocar seu retrato i eizir

unha estatua na súa sede social; gardar o moblaje da sala do seu Santuario em que morreu e destinalo ao Museo que corresponda en Galiza.

O Centro Gallego d-Habana (Cuba) acordou colocar na sede social un retrato de Castela feito ao óleo por destacado artista.

O Centro Orensano de Bós Aires resolveu adicarlle un busto en bronce na sede social.

O Centro Pontevedrés de Bós Aires dispuxo colocar seu retrato na sala da presidencia e unha estatua no seu Pazo Galego de Olivos (Arxentina).

A Coral "Nosa Terra" encargou ao seu director, o esgreivo músico mestre Isidro B. Maiztegui, compor un "oratorio" adicado a Castela.

A Irmandade Galega adicoulle un fermoso número estraordinario do seu órgano A NOSA TERRA.

A Sociedade P. Unidas do Ayto. de Rianxo de Bós Aires acordou colocar unha praca de bronce na casa de Castela en Rianxo e tamén, na súa debida oportunidade, erguerlle unha estatua naquili súa vila natal.

A Casa de Galicia de Montevideo acordou colocar un busto de Castela en bronce na rúa que a Municipalidade d-aquela capital vai a rotular co nome do noso esgreivo Guieiro.

Os periódicos "Opinión Gallega" dos Centros Orensano e Pontevedrés, "Galicia" da Federación de Sociedades Gallegas e A NOSA TERRA, adicáronlle números especiais. O mesmo fixeron as revistas "Galicia" do Centro Gallego de Bós Aires, "Alborada" do Centro Corcubión, "Betanzos" do Centro Betanzos, "Alma Gallega" da Casa de Galicia de Montevideo, "Lar" do Hospital Gallego de Bós Aires, "Rianxo" da Soc. P. U. do Ayto. de Rianxo de Bós Aires.

Na prensa de Santiago de Chile publicáronse traballos adicados a Castela polo deputado e membro do Consello de Galiza D. Ramón Suárez Picallo e do Delegado do mesmo Consello D. Celso Garrido.

Na prensa d-Habana (Cuba) tamén se publicaron moitos estudos adicados a Castela entre os que sinalaremos o do Delegado do Consello de Galiza D. Xerardo Álvarez Gallego, do diputado galego D. Ramón Fernández Mato, do esgreivo poeta galego D. Anxel Lázaro e dos escritores Rafael Marquina, Luis Amado, Blanco e Rafael Suárez Solís.

CASTELAO

(Pra A NOSA TERRA)

"¡Quen ten ouvidos, escoite!" —ten dito o ilustre irmán—. O que ten cerebro, pense, eu lles digo ós galicianos, pois, quen ten boas ideas, tamén as ten que-espallar, que as navías sementadas moitos frutos poden dar.

¡Apagouse a lumieira que tiña de nos guiar, deixou lume na conciencia dos bos que saben pensar! Galiza ten comprendido o qu-él lle soupo ensinar e, co cerrar dos seus ollos, moitos millóns s-abrirán. ¡A materia foi finada, mais, o espírito vivirá; seu espírito eixprendoroso non ten de morrer xamais!

No porvir do noso povo seu nome ten de brilar con fan potentes fulgores qu-ós "duros" farán cegar. Faro eterno da Galiza en todo-o porvir será; seus ensinios son semente que xa ten de xermolar. (Moitos xa collemos froitos do seu eixelso pensar i-algo iremos sementando

VERBAS DO Dr. SANTIAGO CUNCHILLOS A NOME DA DELEGAZON DO GOBERNO VASCO NO EISILIO

¡Hermanos gallegos!

Vengo, en nome de la Delegación del Gobierno Vasco en Buenos Aires, muy honrado con la misión que se me confía, a sumarme, en esta muy triste fecha del aniversario de la muerte de Castela, al homenaje al hombre extraordinario cuya vida —inmaculada, generosa, fecunda, heroica, santa, fue ejemplo, enseñanzas, edificación para todos, pero, de modo especial, para cuantos en el destierro soñamos con el triunfo de nuestro ideal gallego, catalán o vasco.



lán o vasco, y aun dire más, para cuantos demócratas de verdad anhelamos dentro de pueblos libres, vivir vida de hombres libres.

Sí, éste es el mejor homenaje a su memoria; tomemos a Castela como modelo —yo no encuentro otro hombre que lo supere— cuantos luchamos por las reivindicaciones de las características nacionales de nuestros respectivos pueblos; el recuerdo de Castela no nos dejará caer en la tentación de seguir la ley del menor esfuerzo, de dejarnos ganar por la pol-

tronería; ahora más que nunca necesita nuestra patria del esfuerzo de sus hijos. Nosotros vascos, vosotros catalanes y gallegos, no podemos regateárselo; tenemos la obligación ineludible de ser vasquistas, de ser catalanistas, de ser galleguistas todos los momentos de nuestra vida, como lo fue Castela con entregamiento absoluto.

Se ha ido Castela, dejándonos sumidos en hondo dolor, el dolor a que se refiere el refrán vasco "Jinak jun, miñ barrun" (Los idos idos, el dolor dentro). Nunca, como hoy es verdad lo del dolor intenso, íntimo, entrañable, producido por la ausencia, aun cuando lo mitigue la consideración de que su sacrificio, su entregamiento a los ideales que defendemos, la ejemplaridad de su vida heroica, y las enseñanzas que nos ha dejado en sus libros, entre los que ya destaco su magnífica obra "Sempre en Galiza", han de alentar a nuestras gentes con el ejemplo del hombre extraordinario y ejemplar que puso por encima de todos los honores el honor de servir a Galicia, atrayendo hacia ella el amor de sus hijos que arrastran por los ámbitos del mundo la amargura de su destierro; nada que iguale a esa obra, a mi juicio en lo publicado en la Argentina acerca de los problemas nacionales y la Constitución de la República. Esa es nuestra Biblia, hermanos gallegos, leedla vosotros con fervor, y que la lean todos los hombres de buena voluntad, sin prejuicios, con ánimo sereno, para que después puedan decir lealmente si los que en ella se defienden son o no ideales santos, y si quien la escribió no destaca en los medios más elevados de la cultura española.

¡Sí, Castela! los gallegos, siempre en Galiza, los catalanes siempre a Catalunya, los vascos, beti Euzkadin. Vivamos así y honremos la memoria del hombre ilustre cuya muerte en el destierro lloramos.

De LUIS CORTINAS

CASTELAO

COMO VERDADEIRO HOME GRANDE ACRESCENTOU A SUA PERSOALIDADE NO INFORTUNIO

Ningún galego desconecía a Castela que desde fai tantos anos. viña sendo o faro guieiro de todo o sentimento galeguista. Moito hai que decir da súa vida, en Galiza e fora da Terra. Cando máis tempo pase máis se escribirá e se lle coñecerá, coma exemplo de bon galego; máis eu agora voume a limitar a por dúas verbas sobor da tomba aínda quente do gran líder; pois desde unha provincia louxeira da capital onde están os restos soílo fica lembrado o como se poida, e visitar sempre que se poida a súa tomba como o eispoente da verdadeira Galiza. A tomba de Castela; o Panteón do Centro Gallego da Chacarita é nos tempos que cerremos o faro máis grande da verdadeira Galiza.

Castela uniu aos galegos todos en derredor do gran ideal de "Galiza ceibe"; sin odios nin envexas; sin antihispanolismos; máis aínda, coma bon galego profesou o sacerdocio de xuntar a todos os galegos no amor santo da nosa tan amada coma martirizada pátria. Máis si Castela loitou toda a súa vida por un ideal que comenzamos a padaleir nos derradeiros tempos da república española, nada de particular era que sendo él a alma da democracia galega subira ao pínculo de admiración ao por nas mans do Parlamento español o Estatuto político plebiscitado en Galiza. Era a primeira vegada que se falaría de Galiza oficialmente; é decir, a primeira vez que os gobernos da España terían a Galiza coma máis que o conxunto de catro provincias artificialmente constituídas. Mirar entón a Castela coma home grande porque representaba indiscutiblemente a toda a nosa pátria en toda a súa inmorrante

grandeza, nada ten de extrañar; pero Castela, agardou de pé até que se pechou pra él, coma pra tantos outros, as fronteiras terrestres do noso fogar. As portas da Galiza do Sant Yago foron fechadas pol-os mouros. Os galegos fomos non vencidos, sinón derrotados. Foi tripada pol-os mouros a terra de Santiago mata-mouros. Nada tiñamos que facer os que estábamos presos e desarmados; a menos aínda os que perseguidos tiñan que buscar asilo noutros países fora da órbita de Franco.

Que fixo Castela fóra das fronteiras terrestres? Fíxonos ver que Galiza non era somentes o anaco de terra dominado pol-os franquistas; que Galiza pode estar en calquer parte onde poida arder o lume santo da irredenta patria; e así, por dento pasou, tratou de xungir a todos os galegos na inmorrante causa do amor a Galiza. E xa non se pode decir galego de esquerda ou de dereita. Nin galego d-eso, ou desto outro, porque si os galegos existimos sempre unha verdadeira familia, nunca millor que despois da guerra 1936-1939.

Castela véuse a América non a reconstruír a súa vida, sinón a continuar a de sempre; véuse a venerar a Galiza no sitio que fora da pátria máis galegos hai; e desde Bós Aires seguiu irradiando a súa figura o lume que todos os galegos de América tiñamos e temos que venerar.

Dende entón se preguntaba por Castela en Galiza en América e en distintas partes da Europa. Poido Castela facer unha vida máis activa dirixindo a todos os galegos espallados pol-o mundo; pero a súa sánda tanpouco lle axudaba moito; e non embargantes traballou tamén en Francia á veira das máis outas personalidades da democracia española.

Para ser ben galego levou a súa enfermidade con sufrimento caledor e sentimental e o seu espírito estaba poe onfina das doenzas físicas; así, ergueito sempre, con dozura e con amor ao gran povo galego poido agardar a morte n-ese ambiente de apostolado que os demais debamos imitar.

O Centro Gallego de Bós Aires ten na Chacarita a súa Apostol.

que mais froitos traguera).

¡Ha de dal-os, i-ós que veñan seu nome han de venerar com-ó do mais grande apóstol que se deu no noso chan!

Manoel Canosa.

Bós Aires

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA

PATRIA,

Déspotas insensatos,
forzá, forzáde grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideais
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o duro
ferro,
Nin a morte extingüilos.

EDOARDO PONDAL

Ano XXXIII — Núm. 475

BOS AIRES, FEBREIRO DE 1951

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

As Cruces de Pedra na Galiza

DE ALFONSO R. CASTELAO

Fina de sair do prelo, publicado pola editorial galega "Nós" de Bós Aires, a todo luxo e a grande tamaño, a moimental obra de Castelao "AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA", obra póstuma do grande galego que co seu maravilloso lapis proxeitou a Galiza na emoción do mundo ao través dos seus acusadores alegatos contra o sadismo sanguiniento ceibado na nosa Terra polo aído cido franquismo; reflexado na xistralmente con arrepiante realismo nos albums "Atila en Galiza", "Galiza Mártir" e "Mili-cianos"; que soupo como ningún ao través dunha longa laboureira anos no xornalismo galego, esculcar na alma doente d'escravitude do seu povo e por ao descuberto co seu lapis, encheito d'humorismo doirado, o absurdo sistema centralista que escraviza e coula o natural desenvolvemento espiritual e económico do país galego.

Castelao, este maravilloso e xemprador humano de galego, que adicou sin reservas mentais nin dobreces toda a súa vida ao renacemento artístico, cultural e político-social a prol da personalidade nacional de Galiza, é todo un fermoso capítol da nosa historia moderna. O máis fermoso para nós os galegos, polo que ten de construtivo a carón das nosas reivindicacións nazonaes, pois como ben dixo Blanco Amor no alto d'inhumación dos seus restos no Panteón do Centro Galego: "...Castelao modelou en dura e nida materia, unha conducta política e social. El creou unha nova responsabilidade, un novo xeito de ser galego. Antes de Castelao podía amarse a Galiza de moitos modos. Despois d'el total-as fronteiras d'isto amor están acotadas. O que saía d'ilas xa non podía chamarse de ningún xeito amante, senón de moitos, treidor".

No aspecto literario Castelao traballou con grande maestría enriquecendo doudamente coas súas magníficas creacións a literatura galega. "Os dous de sempre", "O ollo de vidro" e "Os vellos non deben namorarse", an-

tre outros, son un outo eisponente do seu talento literario.

Escreveu ademais, a pouco de chegar a Bós Aires, un trascendental libro de política galega "Sempre en Galiza" que algúen moi acertadamente, chamoulle "A Biblia do galeguismo", libro que a crítica sudamericana e hespañola cislada, calificouno como o millor libro político d'intrínsecos peninsular, publicado nos derradeiros tempos.

Mais Castelao viña traballando decote, perante moitos anos, nunha laboureira estraordinaria de grandes pulos para a cultura galega. A moimental obra "AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA", obra d'intrínsecos universal polo tema tratado, escrita en idioma galego e con un resume en inglés pra millor divulgación.

Contén a obra, ademais d'abondoso texto, unha cantidade de láminas e numerosos dibuxos de cruceiros tomados do natural polo autor.

Comeza Castelao estudando os primeiros signos cruciformes mañi-

festados dende as primeiras idades e pra elo afóndase nun traballo e xurdido estudo arqueolóxico e científico pra logo avencellar cos nosos cruceiros campesinos, escuchando neles con ollo e pacencia de sabio; debullando e estudando cada moldura, cada eispresión e o simbolismo de cada figura que o inxenio e a imaxinación dos nosos anónimos artistas campesinos esculpiron na pedra das nosas canteiras e que espallaron a mans cheas por todolos camiños do país galego.

No decorrer da lectura desta maravillosa obra, chama a atención que, non embargantes o tema tratado, posto que se trata dun libro d'arqueoloxía, cénzase esta decote escabrosa e de difícil interpretación para os non iniciados, a sinxeleza caraterística de Castelao faio accesible e de agradable lectura e atrevémonos a afirmar que é este o libro de prosa galego meirande dos tempos modernos.

M. D. P.

Francisco Lanza

O día 14 do corrente, deixou d'eisistir nesta capital, o culto escritor e xornalista galego, don Francisco Lanza, despois de sofrer unha longa e penosa doenza que tivo tan fatal desenlace.

Galeguista e repubricán de vello cuño; amante da liberdade até o sagrefizo, fundou fai moitos anos alá en Rivadeu, a súa vila natal, o periódico "La Comarca" na que demostrou grandes condicións para o xornalismo ao cal había d'adica-la toda a súa vida.

Posteriormente acometeu a laudable empresa d'escribir a historia de Rivadeu baixo o título de "Rivadeu Antiguo" obra magnífica, que puxo de releve as súas grandes condicións como escritor e historiador e que é un valioso documento como fonte d'información pra historia de

Galiza. Foi colaborador de publicacións galegas, argentinas e hespañolas; membro do Seminario d'Estudios Galegos e enxundioso investigador.

No ano 1931 veu a este país, tendo decote como fito, os ideas de liberdade e xustiza que lle eran tan queridos, aituando no noso xornalismo e nos meios colectivos con grande acerto i entusiasmo. Máis tarde, incorporouse a unha grande empresa editorial desta capital na que se destacou polo as súas magníficas condicións de xornalista e traductor d'autores portugueses, especialmente de Eça de Queiroz de quen fixo fermosas versións ao castelán.

Derradeiramente acometeu a empresa d'escribir unha Enciclopedia Galega, obra de grande alento e meritísima importancia, e por sere ademais o primeiro intento neste senso que se leva feito arestora, a colectividade debe tomar boa nota pra súa pronta publicación, xa que se trata dunha obra onde s'estuda e pon de releve, todolos valores eternos de Galiza e as súas grandes figuras de

FALESCIMENTO

O fogar do noso irmán Antón Carballo, viuse enloitado polo pasamento da súa dimísima dona señora Aurelia T. de Carballo, ocorrido o día 12 do corrente. Venerabel muller galega destacouase polo as súas virtudes de boa esposa, garimosa nai e fidel patriota galega.

As moitas probas de amizade e simpatía que recibiu o irmán Carballo en tan doooso trance, engadimos a expresión do pésame da Irmandade Galega de A NOSA TERRA, estensivos aos demais familiares.

O Consello de Galiza Agasallou a Dirixentes da Colectividade

O ilustre presidente do Consello de Galiza, señor Castelao, co asinado senso que lle era ben caraterístico, estabrecera a práctica, de outa finalidade patriótica, de xuntar nunha cea nos derradeiros días do Nadal aos dirixentes das entidades galegas e persoalidades representativas que houberan desenrolado especial laboureira ao longo do ano, a prol do prestixio, da cultura, dos dereitos e da liberdade da nosa patria Galiza. Co elo, non sómentes percuraba espresar o recoñecemento do Consello — orgaismo persoeiro máisimo de Galiza no eisilio —, polo as laboureas patrióticas feitas, senón tamén estimular a quenes se dan con afervozamento e sagrifizos ao servizo da nosa sagra Terra. A enfermidade e morte do glorioso gueiro, interrompíran tan prausibel costume. Pechado o tristeiro paréntesis, o Consello de Galiza voltou a isa felice práctica de seu inmortente creador.

Esí foi que nas derradeiras do pasado Nadal, o Consello de Galiza agasallou con unha cea de fraternidade no Restaurant "La Cafañ" a un núcleo de membros representativos da nosa colectividade. Arrodearon a mesa, ademais dos deputados galegos D. Antón Alonso Ríos e D. Elpidio Villaverde e do presidente da Comisión de Facenda do Consello de Galiza D. Manuel Puente, os señores Xavier Vázquez Iglesias, presidente do Centro Galego de Bós Aires; Antón Rodríguez, presidente do Centro Orensano de Bós Aires; Cándido Rey, presidente do Centro Pontevedrés; Xerardo Díaz, segredario xeral da Federación de Sociedades Galegas; Rodolfo Prada, presidente da Irmandade Galega; Perfeuto López, presidente do Centro A. B. C. de Corubión; Antón Díaz, presidente do Centro Provincial Coruñés; Antón Suárez do Pazo, presidente do Centro Betanzos; membros da Comisión de Facenda do Consello de Galiza: D. Antón Alonso Pérez, tesoureiro; D. Claudio Fernández, D. Xosé S. Rodríguez, D. Alfredo Magdalena; Director de "Galicia", D. Alfredo Baltar; Director de "Opinión Gallega"; Director

todolos tempos.

Francisco Lanza deixa ao seu paso polo a vida, un fermosoonsel froito da bondade e nobreza de carácter; a súa capacidade como xornalista, escritor e investigador posta decote ao servizo dunha causa nobre.

Pra despedir os seus restos no cimiterio da Chacarita, concorriron moitos dos seus amigos e persoalidades do ambiente xornalista e literario. Despediron ao amigo e camarada no seu viaxe sen retorno, Xosé Blanco Amor no nome dos seus amigos, e Avelino Díaz en representación dos galeguistas de Bós Aires.

Acougue en paz o amigo e irmán que se foi e reciban os seus deudos o noso máis sincero testemuño de condoenza.

de A NOSA TERRA, Dr. Ramón Rey Baltar, membros da Comisión Intersocietaria: D. Valeriano Saco, D. Xosé B. Abreira, M. Martínez Lamela, Benito Cupeiro, membros da Irmandade Galega: Dr. Xosé Núñez Búa, Dr. Lois Seoane, Ramón de Valenzuela Otero, Antón Gómez, Avelino Díaz, Moisés da Presa, A. Fernández Prol, L. Guede, X. Sinde, Edoardo Alvarez, Manuel Ucha, Marcelino Lastra e Fernando Iglesias.

Aos postres, o segredario do Consello de Galiza, D. Antón Alonso Ríos, fixo o ofercemento do agasallo en conceitosas verbas, eisaltando afervozadamente a estraordinaria laboureira cultural e patriótica que os galegos emigrados en Bós Aires, por meio das entidades cli representativas e principalmente dos homes cli persentes, desendoleron ao longo do ano que istaba por finir, ano que, si por unha banda tiña sido de crudel disgracia pra patria Galiza e de fonda dor pra galeguidade polo pasamento a inmortabilidade do esgrevio presidente do Consello de Galiza, Alfonso R. Castelao, foi, por outra, mol froitífero, no senso da cultura ca publicación do moimental libro "As Cruces de Pedra na Galiza" de Castelao, do libro "Antoloxía" de Lamas Carvajal, dos libros "Catedrales Gallegas" de D. Xesús Carro, "Danzas Gallegas" de Francisco Fernández del Riego, do número estraordinario de A NOSA TERRA, dos Concursos Literarios do Centro Galego e da Comisión de Sociedades Ourensanas que celebraron o Centenario de Lamas Carvajal, ca creazón do Patronato da Cultura Galega por iniciativa e con un aporte de un millón de pesetas do afervoado patriota D. Manuel Puente, con aitos culturais de outa xerarquía coma os feitos polo Centro Galego, polo a Comisión do Centenario de Lamas Carvajal, polo Centro Orensano, polo Ateneo "Curros Enríquez" da Federación de Sociedades Galegas, polo Centro Betanzos e un núcleo de sociedades crufesnas, polo Centro Provincial Coruñés, polo Coral "Terra Nosa", etc.; e no senso patriótico polo os aitos orgaizados pola Comisión Intersocietaria Galega lembrando as datas do Estatuto e dos Mártires Galegos e o funeral cívico en homenaxe a Castelao, e sobor de tudo, a outa nota de sensibilidade e afervozamento patriótico déuno a nosa colectividade co doooso gallo da morte de Castelao rendíndolle estraordinarias honras mortuorias como endexamais se fixo con galego algún. Tudo elo é o que o Consello de Galiza quixo aprausar agasallando garimosamente a quenes o promoveron e realizaron.

Acedendo a pregos que lle foron feitos, o señor Manuel Puente fixo uso da verba pra espresar, a nome dos asistentes a cea, o agradecemento ao Consello de Galiza polo a xentileza que repersentaba tan grato agasallo e foigándose das manifestacións magníficas que a nosa colectividade ven dando de afervoado patriotismo galego. Terminou facendo resaltar a importancia que tiña o xuntoiro, qu-eli arrodeaba ao Consello de Galiza, pois que repersentaba practicamente a toda a colectividade galega d'Arxentina.

NOVAS AUTORIDADES DA IRMANDADE GALEGA

Na derradeira asamblea reaizada polo a Irmandade Galega, fíxose a regramentaria renovazón de autoridades. Por unanimidade foi eleixida, pra o período 1950-1951, a Comisión Directiva seguinte:

Presidente, D. Rodolfo Prada; Vicepresidente, D. Miguel García Añeráns; Segredario, D. Ramón Valenzuela Otero; Pro Segredario, D. Edoardo Alvarez; Segredario de Aitas, D. Avelino Díaz; Tesoureiro, D. Antón Gómez; Pro-Tesoureiro, D. Manoel Ucha. Vocaes: señores Fernando Iglesias, Xosé B. Abreira, e Moisés da Presa. Vocaes Suprantes: señores Antón Suárez do Pazo, Manoel Serantes, e Manoel López (fillo); Revisores de Contas: señores Marcelino Lastra e Leonardo Pereira.

A Asamblea rendiu un afervoado voto de aprauso a Comisión sainte e de maneira especial ao meritísimo patriota que a presidiu con eficacia e brillanteza o longo de tres períodos, o esgrevio irmán D. Manoel Puente.